


XULIÁN MAURE RIVAS

Documentos medievais de Santa María de Baiona (1274-1531)



**Documentos medievais de Santa María
de Baiona (1274-1531)**

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2024
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Imaxe da cuberta

Arquivo Histórico Diocesano de Tui
Documentos de Baiona D/22

Maquetación

Mabel Aguayo

Depósito legal: C 543-2024

ISBN 978-84-17802-65-3

Esta publicación está accesible na ligazón
<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4501>



XULIÁN MAURE RIVAS

**Documentos medievais
de Santa María de
Baiona (1274-1531)**



GMH Gallaeciae
Monumenta
Historica

Presentación

Van alá case tres décadas desde que o Consello da Cultura Galega iniciou a súa andaina de edición de fontes documentais, a comezar polo propio *Inventario das fontes documentais da Galicia Medieval*, coordinado polo profesor Xosé R. Barreiro Fernández e realizado ao coidado dos profesores María del Carmen Pallares e Ermelindo Portela (1988). Iniciouse así unha rica colección de *Fontes documentais para a historia de Galicia*, editada en papel, que foi reunindo unha boa mostra da documentación medieval galega, distribuída por todo o arco temporal e orixinada por toda a xeografía de Galicia: Mondoñedo, Lugo, Santiago de Compostela, Toxos Outos, Dozón, Ourense, Celanova, Posmarcos, Pontevedra, Montederramo...

O valor do conxunto deste repertorio salienta se temos en conta a variedade de tipos documentais, con textos que percorren todo o abano temático, dando conta da vida privada, do intercambio mercantil, da sucesión patrimonial, da actuación da xustiza, do exercicio do poder... Contribúen na mesma dirección tanto a múltiple procedencia, pois acolle coleccións orixinadas en catedrais, mosteiros, concellos, oficinas notariais, na propia universidade..., coma a pluralidade lingüística, marcada sucesivamente polos inicios en latín, a emerxencia e normalización do galego e a paulatina substitución polo castelán, sen desbotar outras linguas de presenza máis ocasional.

As edicións en papel non tardaron en ir acompañadas da difusión en aberto a través de Internet, nun formato dixital que facilita a consulta e a procura de información, nin mesmo en ser substituídas por edicións soamente electrónicas. E nese camiño seguimos, dando un novo paso adiante, en consonancia coa forte aposta polas novas tecnoloxías realizada no Consello da Cultura Galega desde 1998.

O novo formato da serie de fontes documentais pretende manter o rigor editorial e o máximo respecto á entidade da obra científica dos distintos autores e autoras ao tempo que facilita a consulta por medio da edición dixital do corpus

textual. Con el, o Consello da Cultura Galega inicia unha nova etapa neste tipo de edicións e muda o título da colección para *Gallaeciae Monumenta Historica*, dándolle o nome da plataforma a través da cal disponibiliza en aberto o seu acervo de edicións documentais medievais, xunto con outras achegas de non menor importancia, acompañado dun amplo abano de recursos e fornecido dun rico sistema de buscas que permiten penetrar nos textos á procura de información (persoas, lugares, materias) ou da súa forma lingüística (<http://gmh.conselloda-cultura.gal/>).

A existencia desta liña continuada de edición de conxuntos singulares da rica tradición documental escrita en lingua galega na época medieval mostra a preocupación do Consello da Cultura Galega, desde os primeiros tempos, por preservar e dar a coñecer o patrimonio histórico disponibilizando recursos que faciliten o seu estudo e a difusión do seu coñecemento. A ampla mostra é, con todo, aínda, unha parte mínima dos «moitos carros de instrumentos galegos» —en expresión reiterada do padre Sarmiento para ponderar a extraordinaria abundancia—, pois son moitos máis os que agardan ser desvelados poñendo a transcripción da súa escrita á disposición de todas as persoas eventualmente interesadas, non só para os efectos de investigación. Eles agochan o día a día da evolución da lingua, das angueiras da vida cotiá, das preocupacións sociais e das vicisitudes históricas dos nosos devanceiros. É por iso unha tarefa á que cómpre dar continuidade, con edicións realizadas por especialistas e de acordo cos estándares científicos ao uso, e a iso quere seguir contribuíndo a nova colección. Trátase, en última instancia, de dar cumprimento ao mandato de facer accesibles á cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos da cultura propia e universal.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega

Índice



6 PRESENTACIÓN

Rosario Álvarez

13 I. INTRODUCCIÓN

17 II. NOTAS HISTÓRICAS

19 1. Nacemento de Baiona

20 2. Igrexa de Santa María de Baiona

20 3. Guerras fronteirizas

21 4. Nacemento do purgatorio

22 5. Abades e cregos racioneiros

23 6. Loitosa

24 7. Oficios urbanos

24 8. Actividade portuaria

27 III. NORMAS DE TRANSCRIPCIÓN E EDICIÓN

31 IV. DOCUMENTOS

139 ÍNDICE ANTROPONÍMICO

169 ÍNDICE TOPONÍMICO

I. INTRODUCCIÓN

Existe no Arquivo Histórico Diocesano de Tui unha carpeta de documentos, coñecida como *Documentos de Baiona*, na que se gardan principalmente unha serie de pergameos redactados en lingua galega, relacionados coa igrexa de Santa María ou colexiata de Baiona e que están datados entre 1274 e 1562. Tamén están na mesma carpeta outro tipo de documentos, en pergameo e en papel, como privilexios reais e notas varias, redactados en castelán. Os primeiros constitúen o fondo principal da carpeta e suman un total de cincuenta e cinco documentos, nos que predominan os foros e están presentes as doazóns, vendas, sentenzas, acordos e mandas.

Existe unha edición dunha parte importante deste fondo —corenta e cinco documentos— publicada como apéndice da obra histórica *El Bajo Miño en el siglo xv. El espacio y los hombres*¹. Como advertín nun traballo anterior (Maure 2006: 527), «a finalidade histórica desta transcripción fixo posiblemente que se prescindise dun mínimo coidado no traballo paleográfico, polo que resulta de moi pouco valor para un uso filolóxico»². A descoidada lectura pode inducir a erros tamén históricos, como transcribir «capador» por «çapateiros» (9-25), «grasa» por «guisa» (10-14 e *passim*), «contadores» por «mercadores» (12-22), «en daccassa hua morou» por «detrás da cassa hu morou» (5-10) e un longo etcétera que fai desta transcripción un instrumento moi limitado para calquera tipo de traballo. Ante esta situación podemos considerar os pergameos de Baiona aínda inéditos e pensamos que esta edición que ofrecemos hoxe pode considerarse a primeira minimamente segura e completa para filólogos e historiadores.

¹ En Sánchez Carrera 1997: 357-407.

² A gran cantidade de erros na transcripción que firma a profesora Sánchez Carrera leva a unha actitude de desconfianza que fai pouco útil a súa publicación. Sirvan de exemplo os textos seguintes: «Johán Diegues scriuá, a que Deus perdon» (1-8) aparece transcrito como «Johan Diegues como aqui deus prion» (p. 362), frase sen sentido ningún; un pardiñeiro que está «em esta uilla de Bayona, em çima a par das Lageas» (2-9) aparece colocado «en esta villa de Bayona em cerca apu das lageas» (p. 363); un foro que ten como obxecto «todo o quinón et vos et dereito et auçõ *que* a dita iglesia et nós avemos em hũa casa» (5-8) queda convertido en «todo oquem convos e dereito e auson...» (p. 368). Hai, ademais, unha gran cantidade de nomes propios e datas mal transcritos, duplicación de <s> que non están no orixinal, transcripción mecánica do til de nasalidade como <n> etc.

II. NOTAS HISTÓRICAS

A función primordial da publicación destes documentos pertencentes á igrexa de Santa María de Baiona é facer lexible e difundir esta pequena parte do gran patrimonio documental da lingua galega medieval. Unha segunda función é a divulgación para historiadores e lectores interesados dunhas fontes documentais que permiten entender mellor a nosa historia. Lingua e historia son dúas realidades fundamentais na formación da identidade dun colectivo humano, independentemente das estruturas de organización política que puidese ter en cada momento.

As seguintes breves notas históricas pretenden ser unha pequena axuda ao lector non especialista na historia medieval das terras de Miñor e limítanse a poñer no contexto destes documentos algúns datos recollidos na bibliografía máis á man. Algunhas destas notas xa foron publicadas en distintas edicións parciais dalgúns destes documentos na *Revista de Estudos Miñoráns*.

1. Nacemento de Baiona

Baiona naceu como unha vila de reguengo no ano 1201, cando o rei Afonso IX recuperou o couto de Erizana, que o seu avó, o emperador Afonso VII, doara ao mosteiro de Santa María de Oia había uns sesenta anos. Doáralle tamén daquela a metade da igrexa desta vila. Unha vez recuperado o couto, cambiou o nome da vila de Erizana polo de Baiona e déullela aos seus propios e novos poboadores co seu foro, leis e costumes «para que fagan dela unha boa vila». Para compensar, aos frades do mosteiro de Oia deulles as igrexas da vella Erizana e a décima parte das portaxes e taxas varias da vila.

Nesta época asístese a un proceso de urbanización da costa galega ao tempo que na fronteira, co nacente reino de Portugal, hai un programa de fortificación, e dos dous fenómenos participa plenamente a vila de Baiona (Pallarés 2007: 133).

2. Igrexa de Santa María de Baiona

Nos dous primeiros documentos, que son dos anos 1274 e 1319, non se fai referencia á igrexa de Santa María de Baiona. Son as escrituras de dúas vendas de casas que quedaron arquivadas con outros pergameos da dita igrexa. Estas datas coinciden coa época en que xa estaba rematada a primeira parte do templo actual, segundo resume un texto do escritor Hipólito de Sa (1978: 283):

El P. Sarmiento menciona una inscripción que leyó en la fachada con el año 1278, que suponemos se refiere no al comienzo de la obras del templo, sino a su terminación; por tanto bien podemos decir que fue construida entre finales del siglo XII y la primera parte del XIII aprovechando materiales de otra iglesia anterior, admitiendo una prolongación de las obras y unas modificaciones que poco a poco fueron cambiando la traza inicial da la obra.

3. Guerras fronteirizas

No tempo que abranguen estes documentos (1274-1531) houbo en repetidas ocasións guerras entre os reis de Portugal e de Castela que se libraron na fronteira galego-portuguesa. De todos estes episodios bélicos, podemos ofrecer constancia documental soamente da guerra entre Afonso XI de Castela e Afonso IV de Portugal (1336-1339). O documento terceiro desta colección é a renovación dunha escritura anterior, feita a favor do crego de Baíña. Segundo conta o mesmo documento, esta primeira escritura fora destruída nun incendio cando «chegara a esta uilla a frota del rey de Portugal, quando auya gerra con nosso señor el rey de Castela, et que quemara esta dita billa (vila) et a casa en que moraua et que lle queymara y (alí) a dita carta et estromento».

Foi esta, en parte, unha guerra de familia. A raíña María de Castela era filla do rei portugués, pero Afonso XI practicamente repudiaba a súa esposa e trocábaa no tálamo por Leonor de Guzmán. En parte foi tamén unha guerra civil de Castela, onde os nobres e prelados estaban divididos entre o rei e o seu rival, o poderoso D. Juan Manuel. Este negociou o casamento da súa filla co infante D. Pedro, herdeiro do rei de Portugal.

Estes tres anos de histeria destrutora remataron, baixo a influencia do papa de Roma e do rei de Francia, na firma da Paz de Sevilla (xullo de 1339), coa que se recuperaron as mesmas fronteiras e as mesmas esposas de antes do conflito bélico. Porén, en 1337 Baiona quedou queimada pola frota de guerra portuguesa comandada polo almirante xenovés Manuel Pessanha e, en 1340, os reis de Portugal e Castela, xuntos como cruzados amigos, acadaron unha gran vitoria contra o islam na batalla de Salado.

4. Nacemento do purgatorio

Aínda que a expresión «digan (ou canten) missa por mña alma» empeza a ser frecuente desde finais do século XIII nos testamentos que se conservan en lingua galega, a palabra *purgatorio* non se documenta antes de 1444, ano en que unha viúva de Tui doa ao Hospital un soar en cumprimento do testamento do seu home. No documento a viúva manifesta que «era contenta porque a alma do dito Rui Peres fose aliuiada et seyse máis agiña das penas do purgatorio» (Maure 2006: 64).

Segundo o xa clásico estudo de Jacques Le Goff sobre o nacemento do purgatorio, foi a partir do século XIV cando se introduciron nos testamentos, xa dunha maneira case xeral, unha serie de doazóns e mandas de sufraxios no aniversario da morte «para remedio da alma». Evócanse os defuntos que están no purgatorio pero sen pronunciar o nome deste lugar.

Os documentos 3, 4, 20, 31 e 36, que son escrituras de doazóns ou de manda, fan referencia á institución eclesiástica que recibe o nome de *aniversarias*, *universityarias* ou *novesarias* e que tiña a función de procurar os sufraxios polos defuntos. O citado terceiro documento é un testemuño da importancia que a invención do purgatorio tiña en Galicia xa desde comezos do século XIV. A doante Tareixa Gonzalves fixo a primeira escritura de doazón en 1307, só sete anos despois do primeiro xubileu romano que concedera o papa Bonifacio VIII con indulxencia plenaria aplicable ás ánimas do purgatorio. Ante as seguras penas que contaba con pasar esta rica dona antes de poder entrar no ceo, deixou todo canto tiña para sufraxios pola súa alma e as dos seus pais, e maldixo os descendentes que fosen contra este testamento.

A institución das *aniversarias* foi unha fonte importante no sustento tanto da organización eclesiástica como da benéfica dos primeiros hospitais.

5. Abades e cregos racioneiros

Case todos os foros desta colección teñen como aforadores titulares os abades da igrexa de Santa María de Baiona e os distintos racioneiros que dependían deles. Despois da de Tui, era a igrexa máis importante desta diocese. O sínodo de Tui de 1482 trata no seu capítulo nove «De la iglesia de Bayona e commo se ha de dividir», no que fai unha breve historia do persoal que atendía os servizos eclesiásticos nesta vila (García 1981: 353).

Rexíase esta igrexa por dous abades e un número variable de racioneiros que nomeaba cada un deles pola súa parte. Os dous abades repartían as rendas da igrexa á metade e daban de comer en mesa común aos seus racioneiros. Máis tarde preferiron dar a cada un dos seus racioneiros unha ración de pan, viño e diñeiro. Debido ás guerras entre os reinos de Castela e Portugal, esta vila sufriu moitos danos en mortes, roubos, queimas, derrubamentos de muros e moitos outros males que ocasionaron unha gran perda nas rendas da igrexa. Os abades decidiron deixar para os racioneiros a metade dos froitos e rendas da igrexa e quedar eles dous coa outra metade.

No citado sínodo, presidido polo bispo Diego de Muros, inténtase regular unha situación que viña sendo decote un tanto contestada, «sobre lo qual muchas veces por parte de los dichos raçoneros nos fue dicho, querellado e suplicado». Esta foi a regulación fixada:

E otrosy queremos, estabeseçemos, hordenamos e mandamos que agora, e de aquí adelante para sempre jamas, los fructos e rentas, asy de diezmos de mar commo de tierra, commo ofrendas, commo de otras qualesquera cosas a la dicha iglesia pertenesçientes, exçepcto los aniversarios que las buenas gentes mandaron o mandaren al cabildo de los dichos abbades e reçoneros de la dicha iglesia, de las quales los abbades que solian ser nunca levaron ni ovieron parte, ni nos la avemos de aver ni nuestros subecesores, mas antes los ayan e lievan los dichos abbades e racioneros que oy son e fueren de aquí adelante e subsuban por ello los cargos de la dicha iglesia. E todas las otras cosas se partan por

medeo, la una meytad sea para nos e para la nuestra mesa obispal e de nuestros subcesores exentamente e sen cargo algunno, e la otra meytad sea de los abbades e racioneros e sancristan que agora son e fueren de aquí adelante en la dicha iglesia para siempre; ola qual dicha meytad de los dichos abbades e racioneros e sancristan se parta e divida en diez e nueve raçiones yguales, las quatro ayan los dichos abbades cada un dos, la una sirviendo o non sirviendo que sienpres lles sea dada e contada, la otra sirviendo por sy o pr dobrero que pueda poner en su lugar sy quisiere... e las quatorce raçiones ayan los dichos quatorce raçioneros, cada unno la suya... e la otra raçion, que son asy diez e nueve, ayala el dicho sancristan, e tenga cargo de proveer de cera e de hostias e de fazer todos los otros ofiços que a sancristan pertenescen. Lo qual todo asy lo hordenamos e mandamos en este presente signodo, con acuerdo del nuestro dean e cabildo (García 1981, 355).

Cando en 1492 a igrexa de Baiona recibe do papa Inocencio VIII o título de colexiata, os cregos racioneiros xa estaban reducidos ao número de once. Estes cregos racioneiros eran tamén xestores do funcionamento xeral da igrexa e podían actuar como notarios, procuradores ou escribáns eclesiásticos. No século XVI a praza de organista da colexiata de Baiona estaba anexa a unha destas racións.

6. Loitosa

A loitosa era un imposto de carácter señorial, da Idade Media, que tiñan que pagar os descendentes como dereito de transmisión do uso das terras aforadas. Podía consistir na entrega do mellor boi ou vaca, a cama do defunto ou calquera outra peza escollida polo señor. Ás veces estaba marcada unha cantidade de soldos ou marabedís.

No documento 18 recóllese unha sentenza en que se nega a pretensión do arcediogo de Miñor de herdar a cama dun crego que morrera na vila de Baiona, onde vivira máis de dez anos aínda que era reitor da igrexa de Moscoso (?). Parece que o arcediogo baseaba a súa petición da cama ou de cincuenta marabedís nunha tradición que non puido probar, polo que a cama quedou para o herdeiro legal, que era o crego de San Lourenzo de Belesar, sobriño do defunto.

7. Oficios urbanos

Non é infrecuente definir o nacemento dun centro urbano pola menor frecuencia do traballo agrícola e a presenza dos máis variados oficios. Nestes documentos de Baiona relacionados coa igrexa de Santa María queda ben marcada a vida desta vila de Miñor e a importancia dos oficios, algúns deles presentes nos nomes das rúas. Así, temos a rúa do deán, da zapataría, da carnizaría, a rúa do pescado ou a rúa «hu venden o liño». Os que actúan como testemuñas nestes documentos teñen os oficios de alfaiate, carnicero, toneleiro, pescador, carpinteiro, cordoeiro, xustiza, xurado, *adel* (pregoeiro), acemeleiro, armeiro, polbeiro, notario, escribán, prateiro, ferreiro, pedreiro, tecelán, mareante, tripeiro, zapateiro, forneiro, cordeiro ou mestre de gramática.

Baiona, no século XV, a pesar dunha historia de sufrimentos bélicos a mans das forzas portuguesas, é o centro urbano máis importante da diocese, despois de Tui. De feito, dos cincuenta e cinco documentos que se recollen nesta edición, máis do noventa por cento ten como obxecto un ben inmoible, unha casa ou un pardiñeiro.

8. Actividade portuaria

Hai nestes documentos referencia á grande importancia das actividades portuarias de Baiona. Pescadores e mareantes son citados como testemuñas repetidas veces. Tamén podemos ver como algunhas casas da rúa da Ribeira están dotadas de instalacións relacionadas coas actividades mariñeiras e como a propiedade ou usufruto chegaba ata a beira do mar, como se pode ver nas seguintes citas: «por tal pleito et *condiçõn que* façades o poyal de *ontre* ela et o mar» (Doc. 30, 11); «*con* súa seca et poyal como^t vay topar fasta o mar» (Doc. 50, 17); «Et a *qual dita* meatade da dita casa vos aforamos como^t dito he *con* súa seca» (Doc. 21, 10).

Do tráfico marítimo na vila de Baiona temos constancia desde a súa carta fundacional de 1201, na que o rei Afonso XI lle concede a condición de porto franco. Este mesmo rei, cando subscribe o novo Foro de Pontevedra en 1229, cita as vilas de Baiona e A Coruña como exemplos únicos en Galicia que teñen facultades plenas para pescar, salgar e vender, fronte ás demais, que só poden vender peixe fresco.

No século xv a actividade portuaria facía de Baiona un centro comercial atlántico a onde chegaban embarcacións tanto portuguesas como de Francia e do norte europeo con todo tipo de mercancías. No documento 39 desta colección, datado en 1434, hai unha sentenza que defende o mosteiro de Oia fronte ás esixencias dos encargados do fisco no porto de Baiona, os «fies do dízemo do porto do mar da dita villa» (39, 5). Tratábase dun cargamento de viño de Aragón que estaba exento de impostos soamente se estaba destinado a ser consumido polos frades. O representante do mosteiro tivo que presentar en audiencia pública o privilexio real da exención para recuperar a «abotoadura de prata» que deixara en prenda aos «fies do dízemo».

III. NORMAS DE TRANSCRIPCIÓN E EDICIÓN

Como indica Carlos Sáez (1996: 22), despois de facer un breve repaso polas propostas de distintos editores e paleógrafos, ante tal variedade de normativas, o máis atinado é que cada un elabore as directrices propias para cada traballo. Neste caso, como a lectura destes documentos se fixo hai varios lustros, tivemos en conta fundamentalmente as normas de transcripción propostas polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Ramón Lorenzo (1988: 76-84) e as normas de edición recollidas polo citado profesor Carlos Sáez (1996: 29-33). Con todo, as normas aquí usadas, en xeral, resultan coincidentes coa transcripción semidiplomática do Proxecto GMH (<http://gmh.consellodacultura.org/>), a pesar de estar redactada esta transcripción nos meses finais do século xx.

As distintas liñas dos documentos van indicadas no seu remate polo número correspondente supraescrito <|¹> para unha mellor localización no texto orixinal.

As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.

O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ao fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «lle» ou «vermella», como ao fonema /l/ das palabras «mill» ou «vill», que se deben ler «mil» e «vila» cando o texto está en galego; na transcripción do privilexio, que está en castelán, lerase «villa».

As palabras abreviadas transcríbense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así, a palabra «not^o» transcríbese como *notario*.

Cando o til de nasalidade <-> vai sobre unha vocal con valor de nasal implorativa, transcríbese cun *n* en letra cursiva.

Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vogais e consoantes.

IV. DOCUMENTOS

1

1274, febreiro, 11. Baiona.

Venda dunha casa, sita na rúa de Ceta de Baiona, por trinta e unha libras e mais un xantar de robora, feita por Martín Pérez, chamado Abellón, coa súa muller e filla, a Domingo Eanes e á súa muller Mariña Eanes.

ACT: Doc. Baiona 36, pergameo, 195 × 151mm

Sabam quantos esta carta uiren que eu Martín Pérez, dito Abellón, en senbra con miña moljer M^a Pérez, et eu^{|01} Marina Martinz, fila desse Martín Pérez, a vós Domingo Ioanes et a uosa moljer Marina Eanes vendemos et^{|02} por ia senpre outorgamos vna nossa casa que auemos en Bayona ena \rúa/ de Ceta ú moranos^{|03} çapateyros, con seu yxido todo et con todas sas perteenças de dentro et de fora. A qual casa está^{|04} entre a casa que foy de Fernán Ferreiro et entre a casa que foy de Johán Romáao. Damos a uós^{|05} a dita casa por preço numeado que a nós et a uós aprougue; conuén a saber, trijnta et una libra^{|06} de diñeiros brancos alfonsís¹, et uun iantar de rouora, de que nós somos ben pagados sen nenhũa^{|07} contradición. Con a qual casa uos deuemos anparar de toda coomia por nós et por todas nossas^{|08} boas, mouil et rayz. Et ayades uós et uossa uoz a dauandita casa et pusuádela des aquí em^{|09} deante de iur et de poder ata que o mundo seya estauil. Maiys se alguén ueer,^{|10} assi da nossa parte como da estrayna, que contra esta carta quiser pasar, seya [maldito]² et quanto demandar^{|11} tanto a uós dubre, et ao señor da terra por pea peyte C maravedís et a carta fique en súa^{|12} reuor. Feyta a carta XI días de feuereiro ena era de mill et CCC et XII anos.^{|13} Que presentes

¹ Outros autores resolven a abreviatura deste adxectivo como *alfonsinos* (Lucas 1996: 395) ou *alfonsies* (Portela 1976: 373).

² Falta a palabra «maldito» no orixinal por erro do escribán.

foron Johán Fernandes de Camoes, Johán da Veyga et Jáa Aluarino desse logar, Martí¹⁴ Anes de Camesella¹⁵

Eu Martí Pérez, notario del Rey en Bayona et en Minor *per rogo et con outorgamento das partes*¹⁶ fuy presente, esta carta escriuí et meu sinal y pugi. Et escriuí enos tres regloes u diz rúa.¹⁷

2

1319, abril 9. Baiona.

Venda dunha casa da rúa de Ceta en Baiona, feita por María Martí e o seu fillo Francisco Pérez a Xoán Fernández e á súa muller, Tareixa Eanes, polo prezo de catrocentas libras.

ACT: Doc. Baiona 46, pergameo, 260 × 141 mm

Sabiam *quantos* esta carta viren que eu Françisco Peres, fillo de Pero Domingues, dito⁰¹ manso, mercador *que* foy de Bayona, et de María Martí, *que* está *pressente et outorga*⁰²nte, et *per* mandado da dita miña madre, vendo a uós, Johán Fernandes, dito do⁰³ Anes, mercador de Bayona, et a uossa moller, Tareixa Anes, et a toda⁰⁴ uossa uoz, *para* todo senpre ia may, *aquella* miña cassa que orra eu ey en⁰⁵ Bayona, no [lu]gar *que* chaman Çeta, alí u chaman a[s] Lageas, a *qual* cassa a mĩ⁰⁶ foy dada en cassamento do dito meu padre et miña madre, a *qual* cassa⁰⁷ foy de meu auoo Martín de Burgeyra, a *qual* cassa a iazença a par⁰⁸ da cassa *que* foy de Gonçaluo Martí et de María Anes, et da outra parte polla⁰⁹ asinaga, por *preço* nomeado *que* a mĩ et a uós aprouge, comuén a saber¹⁰ *quatro çentas libras pequenas en prata, que* por ende a mĩ destes *con* rouora *que* a¹¹ mĩ et a uós aprouge, et do *preço nen* da rouora *non* ficou nada por dar¹² *nen* por pagar; et aiades uós a dita cassa de jur et de poder, en *quanto*¹³ o mundo for, *con* todas súas entradas et saydas et *con* todas súas *perteiças*¹⁴ de dentro et de fora et *con* seu tereo et tella et madeyra et *con*¹⁵ seu çeo et *con* súas agoas *uertentes*. Et aiades uós et toda uossa uoz¹⁶ a dita cassa como dito he, de jur et de poder, en *quanto* o mundo for. Et sse¹⁷ algén da

miña parte ou da estraña contra esta vendición quiser viir a *con*¹⁸ ronpella, *non* possa et *aian* a yra de deus et a miña maldiçón, et querendo demandar,¹⁹ tanto a uós dobre, et ao señor da tera por pea peyte dous mill²⁰ *marauedis* et súa demanda *non* valla. Et eu, sobre dita *María Martís*, outorgo esta²¹ venda et obrigo todos meus bñes a enpararuos *con* elles a todo tempo de²² *quen quer que* uolla demandasse et spicialmente de todos meus fillos²³ so pea de dous mill *marauedis*; et eu Françisco Peres outrossy obrigo todos meus²⁴ bñes a enpararuos *con* esta uenda. Feyta a carta en Bayona de²⁵ Mñor, noue días d’abril, era de mill et CCC et cinquenta et sete anos. *Testemuñas*:²⁶ Fernán Gonçalues, Pero Eanes, dito choupeyro, pescadores et Domño Johanes de²⁷ Marán, morador en Angiaas, et outros.²⁸

Eu, Esteuo Martís, notario póbrico por el rey en Bayona a esto *presente* foi²⁹ et esta carta escriuỹ et meu sinal y pugi que est atal.³⁰

3

1344, novembro, 23. Baiona.

Doazón feita por Tareixa González en 1307 de todas as súas propiedades en favor do abade de Baiña e reescriturada en 1344.

ACT: Doc. Baiona 53, pergameo, 280 × 290 mm

Era de mill et trezentos et oyteenta et dous anos viinte et çinco días de nouembre. Sabean *quantos* esta carta et estormento uiren *que* en *preseença* de mñ, Fernán Peres, notario aa saçón por nosso⁰¹ sseñor el rey dom Fernando em Bayona de Mñor et en sseu alfoz, et das *testemuñas que* adeante ssom *scriptas*, ssendo Esteuoo Peres juis desta uilla de Bayona et de sseu alfoz,⁰² ante a súa cassa en *que* el mora en esta uilla, cerca da *grania* d’Oya, oyndo et liurando os *pleitos que* ante el *vinan*, apareceu y perant’ el Johán Coronado, clérigo et abbade da *igleia*⁰³ de *santa Marina* de Veyna et cappellán desta *igleia* de *santa María* de Bayona, et disso a³

³ No texto lese claramente *asý*. Débese a un típico erro de escribán que adianta a mesma palabra que segue un pouco despois. O contexto esixe escribir a preposición *a*: Johán Coronado disso *a* Esteuoo Peres.

Esteuoo Peres, juis: asy foy *que* seendo abbade Gonçaluo Eanes da dita igleia de santa Marina⁰⁴ de Veyna, peça de tempo auya *que* dona Tareyia Gonçalues, filla *que* foy de don Gonçaluo Fernandes et de dona Sancha Fernandes, deu en doaçon para todo ssenpre ualdehyra et ssen premea⁰⁵ nihũa, [et de] sseu grado et ssúa liure uoontade por amor de deus et de ssanta María, ssúa madre, et da dita santa Marina et de santa María do Burgo, por ssúa alma et dos ditos sseu padre⁰⁶ et ssúa madre, toda a natura et uos et dereito *que* ella auya et de dereito podería a auer *per qual quer* maneira et guisa, ao dito Goncaluo Eanes et aos prelados et abbades *que*⁰⁷ pos elle fforen ena dita igleia de santa Marina de Veyna, ssegundo está scripto et contiudo en hũa nota que end' eu, dito notario, teño, et en hũa carta et stormento, que foy ffeita⁰⁸ et ffeito por mĩ, dito notario. Et *que* a dita carta et estormento ffora ffeita et sacada da dita nota et dada ao dito Gonçaluo Eanes, et *que* o dito Gonçaluo Eanes *que* finara⁰⁹ deste mundo, et, *que* despois da morte do dito Gonçaluo Eanes, *que* ffoy prelado da dita igleia de santa Marina de Veyna Martín Peres, clérigo, et *que* o dito Martín Peres era finado deste mundo, et *que* el¹⁰ *que* era abbade et prelado da dita igleia de santa Marina et *que* lle fora dada a dita carta et estormento, et teendoa el em ssúa casa, et em sseu poder, em *que* elle moraua en esta¹¹ uilla, *que* chegara a esta uilla a frota del rey de Portugal, quando auya gerra con nosso sseñor el rey de Castela, et *que* queimara esta dita billa et a cassa en *que* moraua,¹² et *que* lle queymara y a dita carta et estormento. Et *que* desto façia ende verdade *per* sseu juramento como o dereito mandaua de tal co/usa, et pidía ao dito juis *que* uisse a dita¹³ nota da dita carta et estormento *que* eu, dito notario, tiina, et desse a mĩ, dito notario, ssúa auturidade, *que* lla desse como *quer que* fora ia sacada da dita nota. Et eu, dito¹⁴ notario, mostreylla et uyoa booa, en pressença das *testemuñas* aadeante *scriptas*. Et llogo o dito juis juramentou o dito Johán Coronado en santos auangeos sse¹⁵ tiina a dita carta et estormento ou sabía dela parte ou sse la queymaran ou fillaran como el dizía. Et el, pello juramento *que* ffeso, disse *que* lla queymaran et *que* non¹⁶ ssabía della parte. Et logo o dito juis mandou a mĩ, dito notario, et deume súa auturidade *que* eu *que* lla desse como ffora ffeyta et outorgada et notada *per*¹⁷ mandado da dita dona Tareyia Fernandes⁴, et eu deylla como aedeante está dito et escripto. *Testemuñas*: Johán Fernandes, notario desta uilla, Martín Peres de Morraço, Johán Dominges¹⁸ de Ponteuedra. A qual carta et estormento está atal:

⁴ Erro do escribán, pois en todo o documento aparece Tareyia ou Tareiga Gonçalues.

Era de mill et trezentos et quareenta et cinco anos, viinte et hũu *días d'* oytubre. Sabean todos¹⁹ *que* eu dona Tareyga Gonçalues, ffilla *que* ffoy de don Gonçaluo Fernandes et de dona Sancha Fernandes, por mĩ et por toda mĩa uo³, de meu boo grado et sem premea²⁰ nihũa, dou et *quito* en doaçõn para todo senpre todas *aquellas* cousas *que* eu ey et deuo a auer de dereito, assy de *conpra* como de auoenga, *quanta* *dereytura* eu ey²¹ ena ffeligresía de santa Marina de Veyna, de la fonte do Poombal, cerca de Pousadela, ata a uilla de Bayona, como se *parte* marqo de Morade da hũa²² *parte* et da outra *parte*, como sse *departe per* ssam Colmado et *per* Cerqueyra, et da outra *parte* como sse *departe pello* couto de Baredo, a uós Gonçaluo Eanes,²³ *prelado* da igleia de santa Marina de Veyna, et a todos los outros *prelados que* depoyos de uós ueeren. Et assy uos dou en doaçõn toda a natura *que* eu²⁴ ey et *que* *podería auer* de *parte* dos ditos meu padre et de mĩa madre. Et esto uos dou et *quito* pollo amor de *deus* et de *santa Marina* de Veyna et de *santa*²⁵ *María*⁵ do Burgo et pella alma de meu padre et de mĩa madre *per* tal pleito *que* uós, *dito* Goncaluo Eanes, et os outros *prelados que* depoyos de uós²⁶ ueeren, *que* cada [vez] *que* *diseren* missa en *santa Marina* de Veyna et en *santa María* do Burgo, *que* me ementedes et me digades hũa missa de sobre altar cada²⁷ ano por día de *santa Marina*, por mĩa alma et dos ditos meu padre et mĩa madre et de todos *aquelles* et *aquelas* de *que* ouue algũa cousa como *non* diuía.²⁸ *Que* *deus* perdoe aa mĩa alma. Et dou maldiçõn para todo *ssenpre* ualledeyra a todos meus ffillos et ffillas et netos et ssobrinos et²⁹ ssobrinas et todos *aquelles* da mĩa geeraçõn, *que* *nunca* contra esta doaçõn et smola *que* eu faço aas ditas igleias por muitas cousas *que*³⁰ eu ouue dessas igleias como *non* diuía. Et *que* uós, *dito* Gonçaluo Eanes, uaiades ou enyvedes por mĩa alma a *santa María* de Rocamador. Et demays³¹ *que* peyte, quen contra esta doaçõn *que* eu ffaço quiser uiir, mill *marauedís* da boa moeda et *súa* *demanda* *non* ualla et demays *que* peyte outros mill³² *marauedís* da dita moeda ao señor da terra, et esté a carta et uala *senpre* en ssúa reuor. Et *que* esto seia certo rogei et mandei a Fernán Peres,³³ *notario* de Bayona, *que* desse ende ao *dito* Gonçaluo Eanes esta carta et estormento *que* ualuesse para *senpre*. Et eu, *dito* notario, deyla como aquí diz. Feita³⁴ a carta em Bayona de Mĩor, era et *día* sobre ditos. *Testemuñas* *que* foron *presentes*: Esteuo Cochete, clérigo, Gomes Aras, neto da dita dona Tareyia,³⁵ Johán de Paaços, Salvador Peres de Gondomar, Gonçaluo Monis, Johán Dominges, Rui

⁵ Nas líñas 26 e 27 aparecen as formas plenas do topónimo *Santa María do Burgo*. Así tamén foi transcrita a abreviatura M^l da líña 6, aínda que na actualidade se chame Santa Marta do Burgo.

Peres, Lourenço Rrodrigues, Johán Scripuán, reitor de santa María de Uide, omes da³⁶ dita dona Tareya, Domingo Peres de Curuyña et outros muytos.³⁷

Eu, Fernán Peres, notario del Rey, plúbico et do conçello de Bayona de Miñor et de su alfoz a esto pressente foy et en³⁸ mña pressença figi escripuir et meu nume et meu sinal aquí puge *que* tal está.³⁹

4

1348, agosto, 13. Baiona.

Doazón dunha casa que está xunto ao muro desta vila que fai Xoán Fernández, chamado Canivete, á confraría do Corpus Christi da igrexa de Santa María.

ACT: Doc. Baiona 51, pergameo, 210 × 165 mm

Era de mill et trezentos et oytenta et seys anos, treze días do mes de agosto. Sábean⁰¹ todos *que* eu Johán Fernandes, dito Canivete, clérigo rraçoeiro de Santa María de Bayona et fillo de Fernán⁰² Canivete, que fay por mñ et por toda mña uos a uós, a confraría de Corpore Christi⁰³ da dita yglléia de Sta María de Bayona et a toda a uos da dita confraría dou et⁰⁴ outorgo *para* todo sempre ia mays aa dita confraría a mña casa que eu ey ena dita villa⁰⁵ de Bayona, a *qual* casa foy de San Afonso. Et a *qual* casa está a par de Pero Fernandes Canivete,⁰⁶ meu yrmao, et está junta *con* o muro da dita villa. Et a *qual* dita casa dou aa dita confraría⁰⁷ et uo3 della *con* todas súas entradas et saydas et pertencas, en alto et en baixo⁰⁸ todo senpre ia mays. Et dou uos lla asy eno amor de noso Señor Jesu Cristo et porque⁰⁹ soo confrade da dita confraría, et por la mña alma et daqueles dos que eu herdey et oyuen¹⁰ a dita casa et de que oyuen algũa coussa como non conpría et *que* auemos parte et quinon eu et¹¹ aqueles de *que* a eu oyuen et aqueles a que soo tiudo de todo o ben que se feser et diser na dita¹² confraría para senpre. Et logo en presenza deste notario et testemuñas adeante escriptas tiro de mñ toda¹³ uos, jur, posisión *que* eu ey et de dereito podería auer ena dita casa et em a dita confraría¹⁴ et uos della poño et trespaso por esta presente carta *para* todo senpre. Et desto rroquey¹⁵ et mandey a Johán Fernandes, notario del rrey ena dita villa

de Bayona que fezese ende hũa¹⁶ carta mays fforte et ffirmme que se sobre esta rrasón podese fazer et a dese a dita confraría¹⁷ et voz della. Feita a carta en Bayona, era et días sobre ditos. *Testemuñas que a esto presentes foron:* Johán¹⁸ Bono, Pero Eanes, casteleiro, *Martín Peres*, sobriño deste, Afonso Esteues cordoeiro, Pero Barreiros, Pero Giraldes,¹⁹ Johán Cacheyro, Lopo Eanes, escriuán, Johán Eanes, o gordo, bizinos da dita villa et outros.²⁰

Et eu Joham Fernandes, notario público jurado por el Rey em Bayona de Miñor²¹ et em seu alfós, que a esto presente fuy, et esta carta em mũa presenza fis²² escriuir et aquí em ella pugi meu nome et meu signal que he atal em²³ testemuño de verdade.²⁴

5

1350, abril, 16. Baiona.

Foro dunha casa que está na rúa do Soutelo da vila de Baiona, feito polos cregos da igrexa de Santa María de Baiona ao alfaiate Xoán Martís e á súa muller, María Amada, por oito maravedís por ano.

ACT: Doc. Baiona 31, pergameo, 197 × 156 mm

Sabean quantos esta carta viren que nós, Pero Vidal et Johán Freyre, clérigos rraçoeiros da igreia⁰¹ de ssanta María de Bayona, por nume et uos dos abbades et clérigos da dita igreia, cujos procuradores⁰² somos per hũa procuraçón feyta et sinada per Steuo Afonso, notario desta villa, a qual procuraçón eu, Gonçaluo⁰³ Fernandes, notario iuso scripto, vyn et lii, et por la uos da dita igreia, damos et outorgamos por⁰⁴ foro a uós, Johán Martís, alfaiate, visiño desta dita villa et a uossa moller, María Amada, et⁰⁵ a hũa persoa, qual de uós o postrimeiro nomeardes a uosso finamento, aquela casa con seu saído⁰⁶ que he da dita igreia, que estam ena rrúa que dizen do Soutelo, que Martín Chuco, clérigo, mandou⁰⁷ aa dita igreia, a qual parte per parede con casa que he de Johán de San Martiño⁶, fillo de Guylan⁰⁸ Peres, contra o fondo; per tal plei-

⁶ San Martiño é unha lectura posible, pero non segura.

to uos damos a dita casa con seu saydo *que* uós a rreparedes^{|09} et adubedes de todas las cousas et adubeiros de *que* ouuer messter a dita casa, em tal^{|10} maneira *que* per mïgoa de lauor non speresca. Et *que* dedes a nós et a os dïtos clérigos de^{|11} dita igleia cada ano por día de pascoa frolida viij marauedis desta moeda blanca^{|12} de dez dineiros o marauedi. Et a uosso saymento *que* fique a dita casa et ixido aa uoz da^{|13} dita igleia et clérigos dela, depois de uós anbos et da dita pesoa. Et *que* uos anparemos^{|14} con a dita casa et ixido et foro ssobre dïto de *quen quer que* uos la embargar per los^{|15} bës da dita igleia *que* son das aniuersarias. Et eu, o dïto Johán Martís, por mï et por^{|16} la dita mïa moller et pessoa, rreçebo de uós, dïtos procuradores, a dita casa et ixido^{|17} per lo foro et pleito ssobre dïto. Et outorgo a *comprir* et *agardar quanto* en esta carta^{|18} dis per todos meus bës *que* uos para esto obligeo. Et so pena de çen marauedis da^{|19} dita moeda, *que* peyte a parte, por pena, *que* esto non *comprir* aa outra parte *que* o *comprir* et^{|20} *agardar*, per todos sseus bës *que* nós, dïtas partes, para esto obligamos. Et mandamos^{|21} a Gonçaluo Fernandes, notario, *que* ffesesse desto dúas copias, tal a hũa como a outra et desse^{|22} a cada hũa das partes ssúa, das *quaes* he esta dos dïtos procuradores. Ffeyta^{|23} a carta en Bayona, des et seis días de abril, era de mill et ccc et^{|24} lxxxviiij anos. Testemuñas que foron presentes: Lopo Peres, scudeiro de Camoes, Domingo Yanes,^{|25} rroxiño, alfayate, et Fernán Afonso, alfayate, vesíños de Bayona.^{|26}

Et eu Gonçaluo Fernandes, notario público jurado por el rey en Bayona^{|27} de Miñor et em seu alfoz, a esto presente fui et esta carta^{|28} scripui et em ela meu nome et meu sinal y puge, *que* tal he.^{|29}

6

1350, xuño, 27. Baiona.

Foro dunha casa que está baixo a igrexa da vila de Baiona, feito polos abades e cregos racioneiros da dita igrexa a Xoán Sobriño e á súa muller, Dominga Eanes, por trece marabedís e unha galiña.

ACT: Doc. Baiona 30, pergameo, 210 × 187 mm

Era de mill et CCC LXXXVIIJ anos XXVIJ días de juyno. Conoscam todos *que eu Pero Vidal, clérigo*⁰¹ et *rraçoeiro da iglleia de Bayona, por nume et uos da dita iglleia et dos abbades, clérigos et rraçoeyros*⁰² da iglleia desta villa de Bayona, cujo *procurador soo, a uós, Johán Ssobriño et a uossa moller, Dominga*⁰³ *Johanes, visiños desta dita villa, em uossa vida de anbos tan ssolamente et non mays dou et outorgo*⁰⁴ a foro *aquela casa chãa que he da dita iglleia, que está a so a dita iglleia, a qual casa foy de*⁰⁵ *Pero de Deus, per tal pleito et sso tal condiçón que uós moredes per uós ou per outre a dita casa*⁰⁶ em tal *gisa que non peresca per míngo de lauor. Et que dedes em cada hũu ano aa nós*⁰⁷ et clérigos da dita iglleia *trese marauedís de blancos perlas terças do ano et hũa gallina ao clérigo que*⁰⁸ *ffor procurador da dita iglleia. Et os abbades et clérigos da dita iglleia uos deuen a enparar con a dita*⁰⁹ *casa et fforo eno dito tempo de qual quer que uos la enbargar ou demandar per los bẽes da dita*¹⁰ *iglleia que uos para esto obligo. Et a uosso saymento de uós anbos que ffique a dita casa liure*¹¹ et *quite aa dita iglleia ssem enbargo ñhũu con ssúa benffeitoría, se a y fferdes. Et eu,*¹² *dito Johán Ssobriño, fazente por ñ et por la dita ñia moller, rreçebo de uós, dito Pero*¹³ *Vidal, clérigo et procurador ssobre dito, por nome dos ssobreditos clérigos et abades et por la uos*¹⁴ *da dita iglleia, a dita cassa perlo foro et condiçón ssobre dita. Et outorgo a conprir et agardar*¹⁵ *quanto em esta carta dis per todos meus bẽes mobles et rrayses que uos para esto obligo et*¹⁶ *sso pena de çem marauedís da dita moeda, que peyte a parte que esto non conprir nen agardar aa*¹⁷ *outra parte que o conprir et agardar, por todos sseus bẽes, que para esto as ditas partes obligaron.*¹⁸ *Et que esto sseia çerto et non ueña em dubta, nós, as ditas partes, mandamos a Gonçaluo Fernandes,*¹⁹ *notario de iuso scrito, que fferesse de sto dúas cartas tal a hũa como a outra et desse a*²⁰ *cada hũa das partes ssúa, das quaes he esta dos ditos clérigos. Ffeyta a carta em*²¹ *Bayona, era et día ssobre ditos. Testemuñas que presentes fforon: Johán de Samigel et Domingo do Caruallo*²² *et Afonso Dominges, visiños de Bayona*²³

Et eu, Gonçaluo Fernandes, notario público jurado por el rey em Bayona de Miñor²⁴ et em sseu alfós, a esto presente ffui et esta carta scríui et em ela meu nome²⁵ et meu sinal y pugi *que tal he.*²⁶

1362, xuño, 11. Baiona.

Foro da metade dunha casa de Baiona feito pola confraría Corpus Christi a María Estévez por sete maravedís.

ACT: Doc. Baiona 39, pergameo 243 × 216 mm

Era de mill et quatro çentos anos onze días do mes de juño. Sabeam *quantos* esta carta^[01] de aforamento virem como nós, Gonçaluo Esteues et Pero Vidal et Johán Freyre et Johán Dominges, dito Franqui^[02] no, clérigos rraçoeyros da igreia desta villa de Bayona et confrades *que* somos da confraría Corpos^[03] Criste, nós sobreditos, por nós et en nome dos outros confrades da dita confraría, damos et outorgamos^[04] a foro a uós *María* Esteues, filla d' Esteuo Peres, de Bayona et de *María* Dominges, súa moller, conuem a saber: a meatade^[05] d' *aquella* casa em que ora mora Johán Reigundes, pescador, *que* he da dita confraría, a *qual* cassa está ena^[06] rrúa de [...⁷] et de *quen* dita cassa he a outra meatade da igreia de santa Marina de Veýna, a *qual*^[07] dita meatade da dita cassa uos damos a foro a uós, dita *María* Esteues et a dous, vosso fillo ou filla et neto^[08] *atan* solamente en vossas vidas, *per* tal pleito et so tal *condiçón* *que* dedes a nós sobre ditos et aos confrades^[09] por nome da dita confraría, en cada hũu ano por día de san Johán, sete *marauedís* de brancas a des^[10] *dineiros* o *marauedí*, desta moeda ossauelle *que* ora core de nosso señor el rey. Et estes ditos *marauedís* em cada hũu^[11] ano auedellos de dar et pagar a nós sobre ditos et aos outros clérigos et rraçoeyros et confrades da dita confraría^[12] uós et as sobre ditas voces; et se esta dita *confraría* *minguar* en sy ou desfalleçer, *que* estes ditos^[13] *marauedís* et cassa et foro della, *que* se volva as aniuersarias dos clérigos et rrazoeiros da dita igreia de santa *María*^[14] de Bayona et *que* os clérigos et rrazoeiros da dita igreia *que* seyam teudos de fazeren a *aniuessaria* *que* nós^[15] somos teudos a fazer polla alma de Tareyga del rey. Et nós sobre ditos et os outros clérigos et confrades da^[16] dita *confraría* *que* possamos penorar a dita cassa por estes ditos sete *marauedís* en cada hũu ano *per* nossa^[17] *erdade* sen pena nehũa assy como eramos teudos a penorar polas *aniuessarias*. Et uós, dita *María* Esteues,^[18] et as *ditas* *pesoas* *que* depois vósen, deuedes de adubar et rrestoyrar a dita cassa de

⁷ Hai unha palabra raspada e ilexible.

todo aquello *que* ouuer mester¹⁹ em guysa *que* se non esperesca nen vena contrario per mýngo de restoyramento et adubeyro, assý uós como as ditas voces²⁰ *que* depos vós uieeren. Et a dita *María* Esteues por sy et pollas ditas súas voces assý rezebeo o dito foro pollas²¹ condições de susoditas et *prometeo* et outorgou dar et pagar o dito foro da dita casa en cada hũu ano segundo dito he²² a mĩ et as ditas pessoas. Et *qual quer* das ditas partes *que* esto *que* dito he non *conprir* et aguardar *que* peyte a parte *que* o²³ *conprir* et aguardar, por pena et pustura *que* ontre nós poemos, *quinentos maravedís* de brancos desta moeda vsuualle *que* ora²⁴ core, *que* façen dez diñeiros o *maravedí*; et a pena pagada ou non, *que* esta dita carta *que* fique firme et valla para todo senpre²⁵ en súa rreuor. Feyta aa carta en Bayona, mes, era et días sobre ditos. Testemoyas *que* a esto foron presentes: *Johán*²⁶ Eanes, o amo, et *Johán* Ferreyriño et *Johán* Vessino, pescadores, vizinos desta dita villa et outros.²⁷

Et eu, *Johán* Afonso, notario público jurado por el rey en Bayona de Miñor et en seu²⁸ alfoz, a esto *que* de suso dito he *pressente* foy et esta carta escripi et *aquí* meu nome et sinal pugi *que* tal he.²⁹

8

1365, maio, 8. Baiona.

Venda dunha casa de Baiona, sita na rúa de Gonzalo Eanes, feita por Rodrigo Estévez a Fernán Eanes, crego da igrexa de San Martiño de Borreiros, por oitocentos maravedís.

ACT: Doc. Baiona 28, pergameo, 270 × 180 mm

Era de mill et *quatro* çentos et tres anos oyto días do mes de mayo. Sabam *quantos* esta carta⁰¹ virem como eu, Rrodrigo Esteuees, visiño et morador *que* soo da villa de Bayona de Miñor, por mĩ⁰² et por toda miña uoz, uendo et *para* todo senpre jamays, por jur d' erdade, en maaoo et en poder⁰³ meto a uós, *Fernán* Eanes, cllerigo rreitor da igleia de sam *Martin* de Borreiros, et a toda uossa uoz⁰⁴ conuem a saber: hũa cassa *que* eu ey en esta villa de Bayona, na rrúa *que* chaman de *Gonçalo* Eanes⁰⁵ de Veyña,

a *qual dita* cassa *parte* de hũu cabo *per* parede *con* cassa em *que* ora mora Aldonça Eanes do⁰⁶ Souto et de outro cabo *parte con* cassa de *que* he hũa meatade de fillos de Johán Peres do Penedo et⁰⁷ a outra meatade de uós, dito Fernán Eanes, como saai en boca *con* seu ixido et uai firyr no muro da⁰⁸ *congostra* da Lagarteira *que* vai para a igreia et uem sair a a dita rrúa *que* chaman de Gonçalo Eanes⁰⁹ de Ueyña, a *qual* rrúa uay para a carrnyçaría; a *qual dita* cassa et ixido uos uendo *con* todas súas entradas¹⁰ et seidas et perteenças et dereituras *que* lle pertenzen et peertener deuen de dereito, por *preço*¹¹ certo de *maxauedís* *que* a mĩ et a uós aprouge, *comuén* a saber, por oyto centos *maxauedís* de brancos de des¹² diñeiros o *maxauedí*. Os *quaes* ditos *maxauedís* conosco et outorgo *que* me foron dados et pagados et a meu jur et¹³ poder passados sem mígoa⁸ et *contradiçón* nehũa, et rrenonçio *que* nunca ende possa dizer o contrario¹⁴ *por* mĩ, *nen* *por* outro *por* mĩ, en juiso *nen* fora de juiso, et se o disser *que* me *non* valla *nen* seia¹⁵ rreçebudo, et a ley *que* diz *que* possa poer esta eixeicom ante dos dous anos, et a tódolos outros¹⁶ dereitos et foros et hussos et costumes et rraçoes et eixeições et defensões *que* en *contrario*¹⁷ desto podessem seer a *que* me possa chamar, *que* me *non* vallam *nen* me aproueitem. Et se esta dita¹⁸ cassa máis val *que* o justo *preço*, eu uola dou en pura *doaçón* assy como *doaçón* mellor pode seer¹⁹ dada entre uiuos, por bẽm et ajuda *que* de uós rreçebi et entendo a rreçeber. Et toda uoz²⁰ et jur et auçón, seniorío et propiedade *que* eu na dita cassa avía et auer podería, ãm *qual quer rrasón*²¹ et por *qual quer* maneira de mĩ et de miñas uoses o tiro et tollo et em uós, dito Fernán Eanes et²² uossas uoses⁹ o trespaso et poño deste dito día en deante *para* todo *senpre*, *per* esta *presente carta*; *con* a *qual*²³ dita venda et *doaçón* *que* uos da dita cassa faço me obligo a uos enp[ar]ar et defender a dereito²⁴ de *quen quer que* uos sobr' ela enbargo *quysser* faser, so *obligaçón* de todos meus bẽes *que* para elo²⁵ obligo. Et *confeso* et outorgo *que* se algũa pesoa, assy da miña *parte* como da estraña, *contra* esta²⁶ uenda et *doaçón* *quysser* uiir *para* a desfaser en todo ou en parte dela, *que non* possa et aja a yra²⁷ de *deus* et a miña *maldiçón*; et ao señor da terra por pena peite mill *maxauedís* da *moeda* sobre dita,²⁸ et *quanto* a uós demandar tanto uos peite dobrado, et súa demanda *non* valla et esta *carta* fice¹⁰²⁹ forte et firme et ualla *para* todo *senpre* jamays. Feita a *carta* en Bayona de Miñor o día et mes³⁰ et era sobre ditos. *Testemuñas* *que* a esto foron presentes: Johán de Parada et Diego Martýs

⁸ No orixinal non leva til de nasalidade ningún.

⁹ Orixinal: *uoso*.

¹⁰ Así escrito en vez de *fique*, posiblemente por razón de xustificación da liña.

et Johán de Castrelos³¹ et Domingo Fernandes, alfayate, et Alvaro Martýs, mercador, visiños desta villa de Bayona.³²

Et eu, Gonçalo Afonso, notario publico jurado del rey en Bayona de Miñor et em seu alfoz³³ a esto *que* dito he con as *testemuñas* sobre ditas, presente foy et esta *carta con miña máao escriui*³⁴ et *aquý* meu nome et meu syñal pugi *que* tal he.³⁵

9

1365, xuño, 4. Baiona.

Foro da cuarta parte dun pardiñeiro, propiedade dos cregos da igrexa de Santa María de Baiona, a favor de Vidal das Pedras e da súa muller, María Eanes, por tres marabedís.

ACT: Doc. Baiona 32, pergameo, 210 × 200 mm

Era de mill et quatro çentos et tres anos *quatro* días do mes de juýo. Sabean *quantos* esta carta d' *afforamento* virem⁰¹ como nos Pero Vidal et Johán *Gonçalves*, clérigos et *rraçoeiros* da iglleia de Santa María de Bayona, por nós et em nome dos⁰² outros clérigos *rraçoeiros* da dita iglleia cujos *procuradores* somos, damos et *outorgamos* a fforo a uós Vidal das Pedras¹¹, vesíño⁰³ de Bayona et a vossa moller María Johanes et a hun vosso ffillo et neto de uós anbos *tan* solamente, *conuén* a saber: a *quarta parte*⁰⁴ d' aquel *pardineiro* que está ena rrúa em *que* morou Domingo do Beiçón, o *qual parte per* parede con cassa em *que* morou⁰⁵ o dito Domingo do Beiçón *que* ora he da dita iglleia da hũa *parte* et da outra, *per* tavoado et *per* caneeyra¹², con cassa⁰⁶ *que* foi de María Cañota asý como *vay* entestar eno ixido da Moreyra, a *qual quarta parte* do dito *pardineiro* leixou⁰⁷ a a dita iglleia Johán Dominges, scriuán, a que *deus* perdon, a *qual dita quarta parte* do dito *pardineiro* uos *afforamos* con súas *perteenças*⁰⁸ et *dereituras* *segundo* *que* le *pertesçee* de *dereito*, *per* tal *pléito* et *condiçón* que o adobedes

¹¹ As Pedras é un lugar da parroquia de Santa Baia de Camos, Nigrán, provincia de Pontevedra.

¹² No ms. di *coneeyra* cun til de abreviación de vocal + <ɾ>. Trátase posiblemente da expresión «per tavoado et per caneiro», que facía referencia á medianeira. Leandro Carré s. v. *caneiro* dá a acepción de «Tabique o división de madera». Esta expresión foi lida por Sánchez Carrera (1997: 362) como «parte tavoado e perte conna eyra», lectura que fai incomprendible o texto.

et rreparedes per tal guíssa^{|09} que non desperesca per mingua de lauor. Et dedes ende a nós et a os clérigos rraçoeiros da dita iglleia^{|10} que ora son et seran d' aquí en deante tres maravedís de brancas, de x dineiros o maxavedí, por fforos et por rrenda^{|11} cada ano por día de Santa María d' agosto. Et con esto que dito he, uos outorgamos d' o anparar et defender^{|12} a dereito pelos bẽes da dita iglleia que para ello obligamos. Et a voso seymento et da dita vosa moller et^{|13} pessoas, que o dito foro fique liure et quite a a dita iglleia con súa benefeyoría. Et s' o ouueredes de^{|14} vender ou enpeñar o dito fforo, que o façades ante a nós que a outro, tanto por tanto, et non o^{|15} querendo nós, que entón que o façades a pessoa ygal de uós que nos ffaça et cumpla o dito fforo.^{|16} Et eu, dito Vidal das Pedras, presente a esto que dito he et faente¹³ por mĩ et polla dita^{|17} mĩa moller et pessoas que non están presentes, pollas quaes obligo meus bẽes que aian esto por^{|18} ffirmme, asy rreçebo de uós, os sobre ditos, o dito fforo perlas condiçoes sobre ditas et prometo de as teer^{|19} et cumprir en todo segundo dito he. Et qual quer das partes que esto non o cumprir nen aguardar^{|20} que peyte a outra parte que o cumprir et guardar por pena quiñentos maxavedís de brancas et a pena, pagada^{|21} ou non pagada, que esta dita carta et todo quanto se en ella contén ffique firme et^{|22} estáuil et valla segundo dito he.

Feita a carta en Bayona os días et mes et era sobreditos.^{|23} Testemuñas: Rodrigo Martís, abade da dita iglleia et Rodrigo Yanes et Reinaldo Yanes, seu criado,^{|24} çapateiros, et Pero Cousille, scriuán, et outros.^{|25}

Et eu, Lourenço Martís, notario público jurado por el Rrey en Bayona de Miñor^{|26} et en seu alfos, a esto presente foi et scriuí et aquí meu nome et synal^{|27} pugi que tal he.^{|28}

10

1373, setembro, 19. Baiona.

Foro dun pardiñeiro sito en Baiona na rúa de Ceta, a par das Laxeas, feito polo abade e os cregos da igrexa de Santa María a Pedro Eanes, natural de Vigo, e á súa muller, María Pérez, por oito maravedís e unha galiña.

ACT: Doc. Baiona 33, pergameo, 237 × 160 mm

¹³ Esta parece a lectura máis mecánica do ms., pero as formas máis frecuentes son *fazente* (5, 25) ou *fásente*.

Era de mill et *quatro çentos* et onze anos, des et noue *días do mes* de setenbro. Sabam *quantos* esta⁰¹ carta de aforamento viren como nós Ruy Martís, abade da meatade da iglleia de Santa María⁰² de Bayona *con cura*, et Pero Uidal et Gonçaluo Esteuees et Johán Gonçalues et Gonçaluo Çenteo⁰³ et Ruy Martís et Esteuoo Eanes clérigos rraçoeiros da dita iglleia por nós et em nome et⁰⁴ em uo3 da dita iglleia damos et outorgamos a foro a uós Pero Eanes, natural de Vigo⁰⁵ pescador et vesíño de Bayona et a uosa moller, María Peres, et a uoso fillo et nep-to de uós⁰⁶ anbos *tan solamente*, et *non* auendo fillo nen nep-to *que* seia *pera* dúas pesoas depos⁰⁷ uós, *qual* o postromeiro de uós⁰⁸ nomear a seu seymto. *Conuen* a saber *aquel* noso pardiñeiro *que*⁰⁸ ffoi casa *que* está em esta uilla de Bayona, em Çeta a par das Lageas, a *qual* foy de⁰⁹ Johán da Galyña et a *qual* leixou aa dita iglleia Vidal Eanes, seu fillo, clérigo, et a *qual*¹⁰ parte *con* casa que foy d'Eluira Bidorra. O *qual* dito pardiñeiro uos aforamos com seu¹¹ yxido et *con* todas súas *pertenças*, segundo *que* lle *perteeçen* de *dereito per* tal pleito et¹² condiçom *que* ffaçades et alçedes y casa de tella et de madeyra et do al¹³ *que* lle conprir segundo ante estaua, *quando* a tiiña o dito Vidal Eanes, em *guisa* que se¹⁴ *non* perca *per* míngoa de lauor et *que* nos dedes *en* cada hũu ano por día de¹⁵ Sam Migeel de setenbro oyto *maravedís* de brancos de des diñeiros o *maravedí* et por foros¹⁶ em cada hũu ano por lo dito día hũa galiña. Et obrigamos os bẽes da¹⁷ dita iglleia de uos anpararmos et defendermos a *dereito con* o dito foro de *quem quer*¹⁸ *que* vos lo embargar *quiser* et a uoso seymto e da dita uosa moller et pesoas¹⁹ *que* o dito foro fique liure et *quite* aa dita iglleia com *súa* bemfeytoría. Et se ouuerdes²⁰ de uender ou empeñar o dito foro *que* o façades ante aa dita iglleia²¹ *que* a outro, tanto por tanto, et *non* o *querendo* ela entón *que* o façades a pesoa y²² *gual*¹⁴ de uós *que* nos faça et *compra* o dito foro. Et eu dito Pero Eanes, presente a esto²³ *que* dito he fasente por mĩ et por la dita miña moller et pesoas por²⁴ las quaes obrigo meus¹⁵ bẽes *que* aja por firme et estauil esto *que* dito he²⁵ a todo tempo así rreçebo de uós, os sobre dítos, o dito foro *per* las condiçoes sobre²⁶ ditas et *prometo* de as teer et conplir em todo *segundo* dito he. Et *qual*²⁷ *quer* de nós, as ditas partes, *que* esto *non* conprir et agardar *que* peyte aa outra parte²⁸ *que* o conprir et agardar, por pena *quinientos maravedís* de brancos, et a pena pagada²⁹ ou *non*, *que* esta carta et todo o *que* se em ela *contem* fique firme et ualla³⁰ segundo

¹⁴ A palabra esixida polo contexto é «ygal». Na partición da palabra no texto hai un baile de letras: *yu-gal*.

¹⁵ Esta palabra habería que transcribirla por «meuus», pois ás tres primeiras letras engádeselles a abreviatura da terminación latina «us».

dito he. Feita a carta em Bayona os días et mes et era sobre ditos.^[31] Testemoyas: Gil Fernandes, ouliues¹⁶, Pero Martís, Johán de Belus¹⁷, pescadores^[32] ueziños de Bayona, Martín Trigo¹⁸ clérigo et outros.^[33]

Et eu Lourenço Martís, notario sobre dito, a esto presente foy et^[34] em mña presenza o fiz scriuir et aquí meu nome et synal puzi^[35] que tal he.^[36]

11

1377, abril, 17. Baiona.

Acordo do abade e os cregos da igrexa de Santa María de Baiona con Afonso Eanes e a súa muller María González sobre unha casa de Baiona que Tareixa Estévez, nai da citada María González, mandara aos cregos para sufraxios.

ACT: Doc. Baiona 10, pergameo, 206 × 198 mm

Era de mill et quatro çentos et quinse anos, dez et sete días do mes d' abril. Sabeam todos que sobre^[01] pleito et contenda que era et asperaua aa seer entre nós, Aluar Peres, arçediago de Montes ena igreia de Tuy et abade^[02] da meatade da igreia de santa María de Bayona sen cura et Pero Vidal et Johán Gonçalues da Rramolasa¹⁹ et Fernán^[03] Moogo et Gonçaluo Esteues et Gonçaluo Çenteo et Afonso Esteues et Rruy Martís Çiclai et Johán de Peseguei^[04] et Johán Martís Rrodoan et Johán Martís, clérigos rraçoeiros da dita igreia de santa María de Bayona de hũa^[05] parte, et eu, Afonso Anes, da rrúa do pescado con miña moller, María Gonçalues, que era presente et outorgante^[06] da outra parte, sobre rrasón de hũa cassa que está em esta dita villa ena qual ora mora Viçente^[07] Ferreiro, disendo nós, os ditos abade et clérigos rraçoeiros da dita igreia, que Tareyia Esteues, madre que foy^[08] de uós, dita María Gonçalues, que nos mandara perla dita cassa et a a dita igreia por súa alma

¹⁶ Forma rara ou con errata de *ourives*, do latín *aurifice*.

¹⁷ Variante de Beluso, parroquia do concello de Bueu, provincia de Pontevedra.

¹⁸ Nesta palabra, ademais de estar escrita na forma plena, a primeira sílaba ten sobreescrita a abreviatura de «ri».

¹⁹ Trátase posiblemente dun erro gráfico por intercambio de vogais, a modo de metátese vocálica, no que *Rramolasa* vai escrito en lugar de Rramal(l)osa.

sete vniversarias^{|09} em cada hũu ano. Et outrossy, disendo os ditos Afonso Anes et *María Gonçalves* que a dita cassa que^{|10} non era da herança da dita *Tereyia Esteues* para lle mandar perla dita cassa as ditas sete vniversarias,^{|11} et por esto que as non deuyá d' auer a dita igleia et abade et clérigos rraçoeiros da dita igleia. Estas^{|12} ditas partes veeron a atal avynça et amigauil *composición* que nós, os ditos Afonso Anes et *María Gonçalves* et^{|13} nossas voses, que uos demos et aiades perla dita cassa en cada hũu ano dez *marauedís* brancos^{|14} de dez *díñeiros* o *marauedí*. Et que digades por elles em cada hũu ano para todo senpre tres vniversarias^{|15} por la alma da dita *Tereyia Esteues* et de *Domingo* d' Ourense; et que as digades hũa delas^{|16} por *santa María* d' agosto et outra por día de *santa María* de setenbro et outra por día do corpo de deus.^{|17} Et os *quaes* ditos *marauedís* uos prometemos et de dar et pagar pela dita cassa por día de san Migeel^{|18} de setenbro em cada hũu ano. Et non uos los dando et pagando ao dito día, uos damos^{|19} poder que posades entrar ena dita casa et tomar as portas dela sen pena ninhũa, sen juis et^{|20} sen alcalde et sen moordomo. Et se a y ouuer²⁰ que seia toda sobre nós. Et per esto nós partymos^{|21} et anunçamos²¹ para todo senpre de todos los pleitos et demandas que nós, as ditas partes, auyamos^{|22} et asperamos auer d' aquí endeante sobre rraçón da dita cassa et vniversarias. Et ficamos aviindos et^{|23} pacifizados para todo senpre. Et qual quer de nós, as ditas partes, que *contra* esto for et non o *conprir* et agardar^{|24} que peyte por pena a outra parte que o *conprir* et agardar dous mill *marauedís* da dita moeda. Et a pena pagada^{|25} ou [non] que esta carta et o que se en ela *contén* fique senpre firme et estauel et vala para senpre en súa^{|26} rreuor. Feita a carta en Bayona, o día et mes et era sobre ditos. *Testemuñas* que foron presentes: *Domingo* Colaço, *Johán*^{|27} *Fernandes*, *forneiro*, *Johán Gonçalves*, ome do dito arçediago, *Domingo*, alfayate, *Rruy Peres* de Valença, *Johán* de Veiga^{22|28} *Aluaro*, *tripeiro*, et outros.

Et eu *Gonçaluo Anes*, *notario publico* jurado del rrey en Bayona de Miñor et en seu^{|29} alfoz, a esto presente foy et escriui et aquí meu nome et signal pugi que tal he.^{|30}

²⁰ Fai referencia á pena.

²¹ Posiblemente hai que ler *anunçamos*. *Annunção* era unha escritura pola cal se recoñecía un dereito que antes fora contestado (Brunswick 1910).

²² A Veiga é un lugar da parroquia de Santa Mariña de Vincios, Gondomar, provincia de Pontevedra.

1377, setembro, 10. Baiona.

Foro da metade dunha casa, sita na rúa Nova de Baiona, feito polos cregos da igrexa de Santa María a Gonzalo Fernández Raio e á súa muller, María Fernández, por sete maravedís.

ACT: Doc. Baiona 18, pergameo 220 × 220 mm

Era de mill et quatro çentos et quínse anos, dez días de setembro. Sábeam *quantos* esta carta viren como nós^{|01} Fernán Moogo et *Gonçaluo Çenteo* et *Pero Vidal* et *Rruy Martís* o uello et *Rruy Martís*, *Çiclay*²³, et *Johán* de *Sam Domingo* et^{|02} *Johán Martís* et *Esteue Anes*, clérigos rraçoeiros da igreia de santa María de Bayona, por nós et em nome^{|03} dos outros clérigos rraçoeiros da dita yglleia damos et outorgamos a foro a uós *Gonçaluo Fernandes Rraio*, vezino de^{|04} Bayona et a uosa moller, *María Fernandes*, et a dúas pesoas depois de uós, *quaes* herdaren os uosos bẽes, a meatade^{|05} de hũa nosa cassa *que* está em esta vila de Bayona, eno lugar *que* disen a rrúa noua, da *qual* uós^{|06} auedes a outra meatade, asy como *parte con* outro noso pardineiro et da outra, *con* casa de *Aluar Peres*, arcydiago^{|07} de Montes; a *qual* dita mea casa uos afforamos *con* todas súas perteesças *per* tal condiçón *que* a^{|08} adubedes²⁴ et rreparedes *per* tal gisa *que* sse non *perca per* míngua de lauor, et *que* nos dedes em cada hũu^{|09} ano a nós, et a os outros clérigos rraçoeiros da dita igreia *que* depois de nós veeren, por cada día de *Sam Miguell*^{|10} de setembro, por rrenda et por foro, sete *maravedís* de brancos de dez *dineiros* o *maravedí*. Et obrigamos os bẽes^{|11} da dita igreia de uos anparar et defender *con* o dito foro a dereito a todo *tempo*. Et a uoso seymento et^{|12} da dita uosa moller et pesoas *que* o dito foro fique a nós liure et *quite con* súa benfeitoría. Et se ouuerdes^{|13} de uender ou enpenorar o dito foro *que* o façades a nós ante que a outros, tanto por tanto. Et^{|14} non o querendo nós nen nosos çupçepsores²⁵ *que* entón *que* o façades a pesoal ygual de uós *que* nos faça^{|15} et *conpra* o dito foro. Et eu, dito *Gonçaluo Fernandes*, presente a esto que dito he et ffazente por mĩ et pela dita^{|16} miña moller et

²³ Posible alcume, de orixe descoñecida para min. *Rruy Martís Çiclai* aparece en varios documentos da igrexa colexiata de Baiona da mesma época.

²⁴ No orixinal lese claramente *aidubedes*.

²⁵ A forma *çupçepsores* indica que os grafemas <s> e <ç> tiñan como referente un son semellante.

pesoas *que non* estan presentes, porlas *quaes* oblige meus bñes *que aian* esto per¹⁷ firme a todo tempo, assý rreçebo de uós os dítos clérigos o dito foro perlas condicións sobre dítas. Et pro¹⁸ meto de as tñer et conprir et agardar en todo segundo dito he. Et *qual quer* de nós, dítas partes, *que* esto¹⁹ non conprir nen agardar *que* peyte aa outra parte *que* o conplir et agardar por pena çen *maravedís* da dita moeda.²⁰ Et a pena, pagada ou non, esta carta fique firme et ualla segundo dito he. *Testemoyas*: Pero Eanes Farto, Pero²¹ Miguelles, *Gonçaluo Rrodrigues*, fillo de Rroy Peres, et *Gonçaluo Caneiras*, mercadores, visinos de Bayona et outros.²²

Et eu, Lourenço Martís, notario del Rrey en Bayona de Miñor et em seu alfos a esto²³ presente foy et em mña presenza fis scriuir et aquí meu nome et synal puçi, *que* tal he.²⁴

13

1377, decembro 2. Baiona.

Foro dunha casa que está na Concheira de Baiona, feito polo procurador dos cregos da igrexa de Santa María a Xoán Carreteiro e á súa muller, María Eanes, por vinte e tres maravedís e unha galiña.

ACT: Doc. Baiona 52, pergameo, 173 × 202 mm

Era de mill et quatro çentos et quínse anos, dous días do mes de desenbro. Sabean *quantos* esta carta d' aforamento viren *que* eu, Pero Vidal⁰¹ clérigo rraçoeiro da igreia de *santa María* de Bayona, procurador *que* sño dos clérigos rraçoeiros da dita igreia, *per* hña *procuración feita per Steuo Afonso*, notario⁰² *que* foi desta villa de Bayona, en nome et en uoz dos dítos clérigos rraçoeiros da dita igreia dou et outorgo a foro a uós, Johán⁰³ Carreteiro, et a uosa mollet *María* Johanes, moradores da dita villa de Bayona et a dúas pesoas depois uós *qual*⁰⁴ o postrumeiro de uós nomear a seu *seymento*, et non as nomeando *que* seian dúas pesoas *quaes* de dereito herdaren uosos bñes.⁰⁵ *Comuén* a saber, *aquella* nosa casa *que* foi de Johán d' Argona, *que* está en Concheira, *que* o dito Johán d' Ariona²⁶⁰⁶ dou aos dítos clérigos rraçoeiros da dita igreia; a *qual*

²⁶ Existe en Galicia o topónimo *Arxona*. Aquí aparecen as variantes gráficas *Argona* e *Ariona*.

parte de parte de fondo con o forno que está en pardineiro, que trahe⁰⁷ Aluar Peres, arçediago de Montes, et ençima entesta ena casa de Martín Caluo, que uay seir de hũa rrúa⁰⁸ a outra. A qual dita casa uos aforamos como dito he con todas súas entradas et seydas et perteenças que lle⁰⁹ perteençen et perteeçer deuen de dereito, per tal pleito et condiçón que a rreparedes et aguisedes eno dito tempo per tal gisa¹⁰ que non despereça per míngo de lauor et de boo paramento. Et que uós et as ditas pesoas que¹¹ (que) dedes a ñe et aos clérigos rraçoeiros que pellos tempos foren ena dita igleia, en cada hũu ano, por día¹² de Sam Migell do mes de setembre viinte et tres maxauedis de brancas de dez diñeiros o maxauedi, et hũa galliña¹³ por lo dito día de sam Migell por foros et en çensoría. Et a uoso seymento et das ditas pesoas, que a dita casa,¹⁴ con toda súa benfeitoría que en ella feserdes, fique liure et quite et desenbargada de uós et de uosas voses aos¹⁵ clérigos rraçoeiros que perlos tempos foren ena dita igleia. Et se ouuerdes de vender ou sopeñorar o dito foro que o¹⁶ vendades et supeñoredes tanto por tanto aos clérigos rraçoeiros que perlos tempos foren ena dita igleia ante que a¹⁷ outro nihũu. Et non o querendo os ditos clérigos rraçoeiros, que o vendades et sopeñoredes entón a tal pesoa que¹⁸ cunpra et pague et faça o dito foro en cada hũu ano a ñe et aos outros clérigos rraçoeiros que pelos tempos¹⁹ foren ena dita igleia, segundo que se aquí contén. Con a qual casa uos outorgo anparar et defender²⁰ eno dito tempo per bẽes da dita igleia que uos para ello obrigo. Et nós, os ditos Johán Carreteiro et María Johanes,²¹ que a esto presentes somos, asy reçebemos de uós o dito foro perlas condições sobre ditas, et obrigamos nosos²² bẽes a uos pagar o dito foro et aos clérigos rraçoeiros que perlos tempos foren ena dita igleia, segundo que se²³ aquí contén. Et qual quer das partes que contra esto for et o non teuer et conprir et agardar que peyte por pena²⁴ a outra parte que o teuer et conprir et agardar dous çentos maxauedis da dita moeda. Et a pena pagada ou non que²⁵ esta carta et o que se en ella contén, fique firme et estauel et ualla en súa rreuer. Feita a carta en Bayona,²⁶ o día et mes et era sobre ditos. Testemuñas que foron presentes: Domingo Beeitez, fraire de san Martiño, Martín Cauallero,²⁷ forneiro, Johán carpenteiro, natural de Pontevedra et outros.

Et eu, Gonçaluo Eanes, notario público jurado por²⁸ el rrey en Bayona de Miñor et en seu alfoz, a esto presente foi et escriui et aquí meu nome²⁹ et meu signal pugi que tal he.³⁰

1379, febreiro, 7. Baiona.

Foro de tres quartos dunha casa que está na rúa de Soutelo de Baiona, feito polos cregos de Santa María a Estevo Eanes, tamén crego racioneiro da mesma igrexa, por quince marabedís.

ACT: Doc. Baiona 34, pergameo, 267 × 184 mm

Era de mill et quatro çentos et des et sete anos, sete días do mes de feureiro. Sabeam quantos esta carta de aforamento uir^{|01} como nós, Johán Gonçalues et Gonçaluo Çenteo et Rruy Martís Çiclai et Afonso Esteues et Rruy Anes, o uello, et Johán Martís Triügo^{|02} clérigos rraçoeiros da igreia da santa María de Bayona, fasentes por nós et por los outros clérigos rraçoeiros da dita igreia^{|03} damos et outorgamos a foro a uós, Esteuo Anes, clérigo rraçoeiro da dita igreia de Bayona, em vida de uós et de dúas^{|04} pesoas depos uós; *conuén* a saber, os tres quartos de cassa *que* está em esta vila de Bayona, ena rrúa que cha^{|05}man de Soutello, a *qual* dita cassa foi de Johán Martís, justiça *que* foi desta vila de Bayona, a *qual* tiña^{|06} aforada da dita igreia Domingo Peres, ferreiro. Et os *quaes* ditos tres quartos de cassa uos damos a foro, *segundo que* dito^{|07} he, deste sam Migell de setembro *que* foi da era de mill et quatro çentos et des et seys anos en deante *per* tal^{|08} pleito et so tal *condiçón que* a rrefaçades et rrestoyredes *per* tal guyssa *que non peresca per* mingua de bom lauor et^{|09} de boo *paramento*. Et dedes ende em cada hũu ano, por día de sam Migell de setembro por foro aos clérigos^{|10} rraçoeiros da dita igreia de Bayona ou a seus *procuradores* das *nouersarias* em seu nome, *quinse marauedís* de brancas de^{|11} des *dineiros* o *marauedí*. Et por foros em cada hũu ano, por lo dito día, hũu capón et hũu açunbre de viño tolledaao^{|12} Et a seymento de uós, dito Esteuo Anes, et pesoas depós uós, *que* a dita cassa *con* toda súa *bemfeitoría* fique *liure* et *desenbargada*^{|13} *aas* *anouersarias* da dita igreia de *santa María* de Bayona. Et *querendo* uós, dito Esteuo Anes, ou pesoas depos^{|14} uós *vender* ou *sopeñorar* este dito foro, *que* o *vendades* ou *sopeñoredes* *ante* a uos da[s] *nouersarias* da dita igreia de^{|15} Bayona *ante que* a *outro*, tanto por tanto. Et *nón*²⁷ o *querendo* a uos das *ditas nouersarias*, *que* o *posades*

²⁷ Está escrito «nóno querendo».

vender ou sopeñorar¹⁶ a atal pesoa *que* seia ygal de uós, *per que* os ditos clérigos rraçoeiros da dita igreia de Bayona posamos auer et cobrar¹⁷ este dito foro em cada hũu ano *segundo que* dito he. Et nós, ditos clérigos rraçoeiros, obrigamos os bẽes das nouersarias¹⁸ da dita vigairia²⁸ de Bayona a uos enparar et defender *con* este foro a dereito de qual *quer* pesoa *que* uos¹⁹ sobre el enbargo *quiser* fazer. Outrossy eu, dito Esteuo Anes, obrigo todos meus bẽes a uos dar et pagar este foro²⁰ em cada hũu ano *segundo que* se em esta *carta* contén. Et nós, ditas presentes, *queremos* et outorgamos *que* qual *quer*²¹ de nós *que* *contra* esto for et o *non* teuer et agardar *que* peyte por pena a outra parte *que* o teuer et agardar dosentos²² *marauedís* de brancos. Et, a pena pagada ou *non*, esta *carta* et cousas em ella contiudas fiquen firmes et estauiles et²³ vallan em súa reuor. Feita a *carta* em Bayona de Miñor, o día et mes et era sobre ditos. *Testemuñas que* a esto foron²⁴ presentes: Gonçaluo Caíño, clérigo, et Martín de Deus de Cangas, Gonçaluo Rrodrigues, criado do arçediago de Montes, et Gonçaluo Esteues, clérigo²⁵ natural de Ponte de Lima et outros.

Et eu, Gonçalo Afonso, notario público jurado dell rey em Bayona de Miñor²⁶ et em seu alfós, a esto *que* dito he presente foy et esta *carta* em miña presenza a fis escriuir et aquý meu nome²⁷ et meu synal puge *que* tal he.²⁸

15

1380, xullo, 24. Baiona.

Foro da metade dunha casa, sita na Ribeira de Baiona, feito polos cregos da igrexa de Santa María a Lourenzo Eanes e á súa muller, Orraca Pérez, por vinte e dous marabedís.

ACT: Doc. Baiona 11, pergameo, 195 × 183 mm

Era de mill et *quatro* çentos et dez et oyto anos, viinte et *quatro* días de jullio. Saban *quantos* esta *carta* viren⁰¹ *que* nós Ruy Martís, abade da igreia de Santa María de Bayona et Pero Vidal et Johán Gonçalues et Pero Yanés Çenteo et Fernán Moogo⁰²

²⁸ *As nouersarias de dita igreia* é un sintagma repetido neste o noutros documentos. Aquí, en lugar da abreviatura *igllia*, aparece claramente *vigia*, con til de abreviación.

et Ruy Martis, o vello, et Johán Martis et Esteue Yanes et Martín Trigoo et Johán de San Domingo et Johán Miguelles et Gonçaluo Lourenço,⁰³ clérigos rraçoeiros da dita igrella²⁹, demos et outorgamos a foro a uós Lourenço Yanes, visíño de Bayona et a vosa moller⁰⁴ Oraca Peres et a hũu voso fillo et neto de uós anbos tan solamente, conuén a saber: mea de hũa nosa sobradada³⁰ que está⁰⁵ en esta villa de Bayona ena rribeira da dita villa ena qual uós ora morades, a qual parte per tavoado con casa⁰⁶ que foi de Rodrigo Esteves, em que ora mora Rruy Peres, de hũa parte et da outra con casas que foron de Durán Peres em que⁰⁷ ora mora Johán Yanes, toneiro, a qual casa mandou aa dita igleia Rodrigo Gonçalues do car, que Deus perdon, et da qual a outra medade⁰⁸ he vosa, a qual mea cassa uos aforamos con seu sotoo et pertençaas segundo que le perteesçer de dereito, per condiçón⁰⁹ que a adobedes et reparedes per tal gisa que se non perca per mingua de lauor. Et que nos dedes cada ano¹⁰ pela dita mea cassa viinte et dous *maxavedís* de brancas de X *dineiros* o *maxavedí*, por día de sam Miguell de setembro¹¹ Et por foros en cada hũu ano pelo dito día hũa [a]çunbre de viño toledaoo. Et obrigamos os bẽes¹² da dita igleia de uos anparar et defender a dereito con o dito foro a todo tempo. Et a voso seymento et da dita vosa¹³ moller et pesoas que a dita mea cassa ffique liure et quite aa dita igleia con súa bemfeytoria. Et¹⁴ eu, dito Lourenço Yanes, presente a esto que dito he et fasente por mĩ et porla dita mĩa moller et¹⁵ pesoas, asy reço bo e[n] mĩ³¹ o dito foro perlas ditas condiçoos et prometo de as teer et *comprir* em todo segundo¹⁶ dito he so obrigaçón de meus bẽes que para ello obrigo. Et demays eu, dito Lourenço Yanes, outorgo de uos¹⁷ dar et pagar em cada hũu ano perla outra medade da dita mĩa casa quatro *maxavedís* de brancas, que per¹⁸ ella avedes por hũa aniuersaria que uos per ella mandou Fernán Leytón. Et qual quet de nós, ditas partes¹⁹ que esto non *comprir* nen agardar que peyte a outra parte que o *comprir* et agardar por pena quiñentos *maxavedís*²⁰ de brancas et a pena pagada ou non esta carta fique firme et vala segundo dito he. Feita en Bayona os²¹ os días et mes et era sobre dita. Testemuñas: Johán Mosiño, clérigo, et Ruy do Gocóo et Ruy de Barrantes²² et Gonçaluo Steues bem vente et outros.

Et eu, Lourenço Martís, notario del Rey en Bayona²³ a esto presente ffoy et scriuí et aquí meu nome et synal pusi que tal he.²⁴

²⁹ Confusión do escribán, pois no documento aparece catro veces a forma correcta *iglesia*.

³⁰ No orixinal parece lerse mellor *sebradade*.

³¹ No ms. «emi» con til de xeral abreviación.

1383, febreiro, 7. Baiona.

Foro dunha casa da rúa de Morrazo en Baiona feito polos cregos da igrexa de Santa María ao ferreiro Diego de Vicente e á súa muller, María do Corpo Santo, por trinta maravedís.

ACT: Doc. Baiona 38, pergameo, 234 × 195 mm

Era de mill et quatro çentos et viinte et hũu anos, sete días de feureiro. Sabam^{|01} quantos esta carta d'afforamento virem como eu Ruy Martís, abade da medade da iglleia^{|02} de Santa María de Bayona con cura et nós, Johán Gonçalues et Pero Vidal et Gonçaluo Yanes Çenteo^{|03} et Ruy Martís, o vello, et Fernán Moogo et Johán de San Domingo et Gonçaluo Lourenso et Afonso Steues et^{|04} Johán Martís Rrodoan, clérigos rraçoeiros da dita iglleia, por nós et en nome da dita iglleia^{|05} damos et outorgamos a foro a uós Diego Viçente, ferreiro, visiño de Bayona, et a uossa^{|06} moller, María do Corpo Santo et a dúas pesoas depós uós, quaes nomear o postromeiro de uós^{|07} a seu seymento, conuen a saber: todo o quinón et vos et dereito et auçón que a dita igleia et nós^{|08} avemos em hũa casa que está em esta dita villa de Bayona ao canto da rrúa^{|09} que dizen do Morraço, detrás da cassa hu morou Fernán Nunes, alfayate, ena qual dita cassa^{|10} que uos aforamos mourou Diego Martís da Miranda³², ferreiro, a que Deus perdon, asy como parte^{|11} per outom con outra casa em que ora mora Fernán Nunes, a qual dita casa uos aforamos^{|12} con súas perteenças et dereituras segundo que lle perteesçen de dereito, per tal pleito et condiçón^{|13} que a adubedes et reparedes per tal gisa que se non perca per mingua de laour.^{|14} Et que nos dedes em cada hũu ano por día de Sam Migell de setembro^{|15} triinta maravedís de brancas de X dineiros o *maravedí*. Et por foros em cada hũu ano pello dito^{|16} día hũu voo capón. Et obrigamos os bẽes da dita iglleia de uos anparar et^{|17} defender a dereito con o dito foro de quen quer que uolo quiser enbargar. Et a voso^{|18} seymento et da dita vossa moller et pesoas, que a dita casa fique a nós liure et quite^{|19} con súa bemfeytoría. Et eu, dito Diego de Vyçente, con a dita mĩa moller, que^{|20} ssomos presentes, asy reçebemos de uós sobre ditos o dito foro perlas condiçoes^{|21} sobre

³² A Miranda é un lugar da parroquia de Santa Baia de Donas, Gondomar, provincia de Pontevedra.

ditas et prometemos et outorgamos de os teer et *comprir* en todo *segundo dito*²² he *per* todos nosos bẽes *que para* ello obrigamos. Et *qual quer* de nós, *ditas*²³ *partes*, *que esto non comprir nen agardar que* peyte por pena a *outra parte que o*²⁴ *comprir* et *gardar tresentos maravedís* de brancos de X *dineiros* o *maravedí*. Et a pena²⁵ pagada ou non, esta *carta* fique firme et valla *segundo dito* he. Feita en Bayo²⁶ona os días et mes et era sobre dita. *Testemuñas*: Steuo Peres, jurado de Bayona,²⁷ Johán de Lugo et Aluar Esteues de Barrantes, seus omes, et Ruy Vaasques²⁸ scriuán et outros.

Et eu Lourenço Martís, *notario* del rey en²⁹ Bayona, a esto *presente* ffoi et scriuí et aquí meu nome et synal puzi *que tal* he.³⁰

17

1387, setembro, 30. Baiona.

Foro dunha viña, sita no aral da Veiga, feito polos abades e cregos racioneiros da igrexa de Santa María de Baiona a Estevo Pérez e á súa muller Orraca Pérez.

ACT: Doc. Baiona 50, pergameo, 270 × 230 mm

Era da naçença de noso señor Jesu Cristo de mill et trezentos et oytenta et sete anos, o postrimeiro día do mes de setenbro.⁰¹ Sabeam *quantos* esta *carta* de aforamento virem como nós, Roy Martís, abade *con cura* da meatade da iglleia de santa⁰² *María* de Bayona et Aluaro Peres, abade *sem cura* da *outra* meatade da dita iglleia, et Johán Gonçalues et Gonçaluo Anes Çenteo et Martín Trigo et⁰³ Ruy Martís o uello et Afonso Esteues et Johán de Sam Domingo et Johán Martís Rrodoan³³, et Ruy Martís Çiclay et Johán Miguellas et Diego⁰⁴ Peres et Pero Tristam et Gomez Lourenço clérigos rraçoeiros da dita iglleia, por nós et em nome da dita iglleia et dos outros clérigos⁰⁵ et rraçoeiros dela, conuén a saber, nós ditos abades, eno *que* a nós *perteençe* desto *que se segue* em hũa *parte* et nós, ditos clérigos rraçoeiros⁰⁶ eno *que* a nós *perteençe* em *outra parte*, nós todos *juntamente* damos et outorgamos a foro a uós, Steuo Peres de Bayona

³³ Rodoan (do árabe *ri/udwân*, substantivo co significado de 'beneplácito') pertence tamén á antroponimia hispanoárabe.

et a⁰⁷ uosa moller, Oraca Peres et a dúas pesoas depois de uós, hũa depos outra, *qual* o postrimeiro de uós nomear a seu seimento⁰⁸ et non as nomeando que sejan dúas pesoas, hũa pos outra, *quaes* de *direito* herdarem uosos bẽes; conuén a saber: a⁰⁹ nosa viña *que* ffoy de Pero Migelles, *que* nós, a dita iglleia, auemos a *çerqa* desta dita villa de Bayona eno aral da ueyga¹⁰ et a *qual* parte da parte de fondo con biña de Fernán Moogo et da parte de çima parte perla congosta *que* uay desta dita villa¹¹ para Santantón de Vilarino et uay entestar em çima ena deuesa *que* (o) ora tem Ruy de Crasto con a viña da capela,¹² a *qual* dita viña uos aforamos como dito he con seu terreo em *que* está et con todas súas entradas et seidas¹³ et perteenças et *dereituras* *que* le perteeçen et perteeçer deuen de *direito*, per tal pleito et condiçón *que* a chantedes de viño hu esteuer¹⁴ et a lauredes et aproueytedes bem do *que* ouuer mester, per tal gisa *que* non desperesca per mingoa de lauor et de boo¹⁵ paramento. Et *que* dedes dela em cada hũu ano a nós, ditos abades, et a nós, ditos clérigos et raçoeiros da dita iglleia por día¹⁶ de sam Miguell do mes de setembro çincoenta *marauedís* de brancos, de dez diñeiros o *marauedí*, et por foros em cada hũu ano¹⁷ hũa galina et hũu açonbre de viño tolledáao por lo dito día de sam Miguell. Con a *qual* dita viña uos prometemos¹⁸ et outorgamos d' enparar et defender a *direito* eno dito tempo de *quen quer* *que* uos sobre elo enbargar *quiser* fazer, por bẽes¹⁹ da dita iglleia *que* ja para elo obrigamos. Et se ouuerdes de vender ou de sopenorar o dito foro *que* o vendades et sopenoredes,²⁰ tanto por tanto, a a dita iglleia ante *que* a outro nehũu, et non o querendo nós et a dita iglleia *que* entón o façades²¹ a pesoa ygal de uós *que* cumpra et page o dito foro a nós et a a dita iglleia em cada hũu ano segundo *que* se aqui²² contem. Et a uoso seymto et das ditas pesoas, *que* a dita viña con toda súa benfeitoría *que* em ela fezerdes *figui*²³ liure et quita et desenbargada de uós et das uosas uozes a nós et a a dita iglleia para todo senpre. Et eu Steuo Peres *que*²⁴ a esto presente sôo, fazente por mĩ et por la dita Oraca Peres, miña moller, *que* non está presente, por la *qual* obrigo²⁵ meus bẽes *que* ela aja esto por firme et por estauil no dito tempo et pesoas, a uos dar et pagar o dito foro em cada²⁶ hũu ano segundo *que* se aquí contem. Et *qual quer* das partes *que* contra esto for et non o teuer et conplir et agardar, peite a outra²⁷ parte *que* o teuer et conplir et agardar mill *marauedís* da dita moeda, et, a pena pagada ou non, *que* esta carta et o *que* se em ela²⁸ contem fique firme et estauil et uala eno dito tempo en ssúa rreuer. Feita a carta em Bayona o día et mes et era sobre²⁹ ditos. Testemuñas *que* a esto foron presentes: Afonso Martís, mestre da gramátiga, Johán Rrodrigues, notario, Gonçaluo Rrodrigues de Ceta, Françisco Anes, caualleyro,³⁰ et outros.³¹

Et eu, Gonçaluo Eanes, *notario* público jurado por el rrey em Bayona de Miñor et em seu alfoz, a esto presente³² foi et em miña presenza o fiz scripuir et aquí meu nome et signal pugi *que* tal he. ³³

18

1388, febreiro, 19. Tui.

Sentenza do mestrescola de Tui ante a demanda dunha cama por parte do arçediago de Miñor.

ACT: Doc. Baiona 55, pergameo, 380 × 246 mm

Sabeam *quantos* esta carta de *sentença* virem *que* ante mĩ, Johán Semmal, mestrescola ena igleia de Tui, juis comisario⁰¹ em este feyto *que* se adeante sege, dado *per* Garcia Afonso, arçediago de Miñor ena dita igleia, apareçerom em juiso⁰² o dito arçediago por sy et em nome da sua dynidade, de hũa *parte*, et Fernán Anes, reitor da igleia de san Lourenço de⁰³ Belessar do arçiprestado de Miñor, por sy, da outra, disendo o dito arçediago *que* como el, *per*los seus antecesores *que*l⁰⁴ forom arçediagos de Miñor, por nome da dita súa dingnidade, esteuesse em huso et em costume des tanto *tempo*,⁰⁵ et por tanto *tempo que* memoria de anos non he em contrario, de auer et leuar a cama de *qual quer* clérigo *que* finasse⁰⁶ et fosse beneficiado ou morador eno dito arçiprestado de Miñor, et como em este ano *que* ora pasou do naçemento⁰⁷ de nosso señor Jesu Cristo de mill et tresentos et oytenta et sete anos, se finasse ena villa de Bayona, *que* he⁰⁸ eno dito arçiprestado, Fernán Martís, reitor da igleia de Moscoso³⁴ et fosse morador da dita billa de Bayona *per* espaço⁰⁹ de dez anos et mays, et leixasse por seu herel et *conpridor* ao dito Fernán Anes; et por esta rrasom do dito¹⁰ costume a el, dito arçediago, *per*teeçesse a cama do dito Fernán Martís; et o dito Fernán Anes entrasse a dita herança¹¹ et rrecusasse de lle dar a dita cama; et pedía a mĩ *que* *per* miña *sentença* de juiso *constringesse* a dito Fernán¹² Anes *que* lle desse a dita cama ou

³⁴ *Moscoso* non é unha lectura segura, pero é a nosa proposta. San Paio de Moscoso é unha parroquia do concello de Pazos de Borbén, na provincia de Pontevedra.

Et presentado et liudo a dicta carta priuilejo, o dicto Vasco Afonso diso et pediu⁵¹ ao dito Johán de Leira, juys, *que* lle conprise et mandase conprir a dicta carta priuilejo segundo se en ela contiña, mandándolle dar et entregar⁵² a dicta prenda *que* asý avía posto por la dicta dízema. Et logo o dito juys diso *que* vista a demanda do dito Vasco Afonso et o juramento⁵³ et declaración por el feita et o dicto priuilejo por el presentado et vista a defesa dos ditos fiees, diso *que* el, obedescendo aa dita carta⁵⁴ priuilejo do dicto señor rrey et mandado en ela conteudo, *que* lle obedescía con aquela mayor rreuerençia *que* con dereito podía et deuía⁵⁵ asý como a carta et mandado de seu rrey et señor natural, et *que* mandaba et mandou aas justiças da dicta villa de Bayona et a cada⁵⁶ hũa delas *que* cunplan et a guarden a dicta carta priuilejo segundo se en ela contén, asý aas justiças *que* ora son como aas *que*⁵⁷ seerán de aquí adeante. Et mandou aos ditos Alvaro Pellays et Johán Fernandes, fiees do dicto dízemo *que* desen et emtergasen a dicta prenda⁵⁸ ao dicto Vasco Afonso quanto era por rrazón da dita bota de viño et *que* lles defendía firmemente *que* d' oje, este dito día, en deante, elles⁵⁹ nen os outros disemeiros *que* despoys deles viesen non demandasem nen molestasen mays ao dito abade, frayres et conuento do⁶⁰ dito moesteiro, asý por byños et pan como

⁵⁹ No orixinal: *lo*.

de *qual quer* cousa *que* doutra parte viesse para prouisión do dito moesteiro et abade, frayres et conuento⁶¹ del. Et per sentença defynitiua o mandou todo asy. Testemuñas *que* foron presentes: Fernán Esteues et Pero Yanes, notarios, et Ruy Lourenço et Johán Martís, mareante,⁶² *visiños* et moradores en dita bila.⁶³

Et eu, Gonçalo Gómez, notario público jurado por lo dito señor rey ena dita bila de Bayona de Miñor et en seu alfoz, a esto *que*⁶⁴ dito he presente fuy et esto en miña presenza fiz escripuir et aquí meu nome et signal puge *que* tal he.⁶⁵

40

1435, abril, 20. Baiona.

Foro da cuarta parte da acea do Salgueiral, que está no río do Burgo, feito polos cregos de Santa María a Gonzalo Domínguez, carpinteiro, e á súa muller, María Estévez, por seis marabedís e media galiña.

ACT: Doc. Baiona 37, pergameo, 204 × 204 mm

Ano do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et triinta et çinco anos, viinte días do mes⁶¹ de abril. Sabbam *quantos* esta carta de aforamento viren como nós, Johán de Sam Domingo, Pero Tristam⁶² Johán Lucas, Gonçaluo Dominges, Afonso Eanes Taliño, Aluaro Rrodrigues, Steuo da Vale, Pero Afonso, Juan Gonçalues, Rrui Mouran, Aluaro⁶³ Peres, Johán Rrodrigues, Juan Dominges, clérigos rraçoeiros da igreia de Santa María de Bayona, por nós, et em nome dos outros⁶⁴ clérigos rraçoeiros da dita igreia *que* presentes non estam, por los *quaes* obrigamos os bẽes da dita igreia, *que* eles a⁶⁵ jam por firme et estauel esto *que* se deante segue, damos et outorgamos a foro a vós, Gonçaluo Dominges, carpenteiro,⁶⁶ *viziño* et morador ena dita villa de Bayona, et a uosa moller, María Esteues, et a dúas *personas* depois⁶⁷ de uós, *quaes* de *dereito* herdarem uosos bẽes, hũa *persona* depos outra; conuén a saber: a nosa *quarta* parte d' azenha,⁶⁸ *que* dizem do salgeiral, *que* está eno rrío do Burgo; o *qual* *quarto* da dita *azeña*⁶⁹ por nós tragía aforado Rrodrigo⁶⁹ Afonso, yrmáao do dito

⁶⁰ *Dita zeña*. En varias ocorrencias a palabra «azeña» perde o grafo inicial por ir precedida de «dita».

Pero Afonso clérigo, *que deus perdom*. Et o qual dito quarto da dita azeña o dito Pero Afonso¹⁰ clérigo, em nós demetio et nós rreçebemos et o qual uos aforamos deste día de Sam Juan do mes de juño primeiro¹¹ *que vem endeante*, et *que começedes logo a pagar o dito foro por lo dito día*, et dende endeante por los outros anos;¹² conuén a saber: *que auedes a pagar de foro por lo dito día de sam Juan vós, dito Gonçaluo Dominges et a dita*¹³ uosa moller, çinco *maxauedís* de branços de dez dineiros o *maxauedí* ou moeda *que os valla*, et metade de hũa galiña por lo¹⁴ dito día et a segunda pessoa *que dé seis maxauedís da dita moeda et a dita mea galiña*, et a terceira pessoa *que nos dé por*¹⁵ lo dito día de sam Juan oyto *maxauedís da dita moeda et a dita mea galiña*. Et o qual dito quarto da dita azeña vos a¹⁶foramos como dito he con súa ágoa presa et leuada et con todas súas entradas et seydas segundo *que lle de dereito*¹⁷ *perteesçem et perteesçer deuen*. Et obrigamos os bẽes da dita igleia de uos anparar et defender a *dereito con este dito*¹⁸ foro de *quem quer* uos sobr'elo embargo algũu *queira fazer*. Et se ouuerdes de vender ou enpeñar vós et as¹⁹ ditas personas o dito foro a outro algũu, deuedes lo fazer ante a nós *que a outro nenhũu*, tanto por tanto, et non²⁰ o querendo nós, entón o deuedes a fazer a atal persona *que seja ygual de uós, que compra et faça et pague o dito*²¹ foro ssegundo dito he. Et a uoso seymento et da dita uosa moller et personas, *que o dito foro fique a nós et a a dita*²² igleia con toda súa bemeitoría et moente o dito quarto da dita azeña. Et eu, dito Gonçaluo Dominges, presente²³ et outorgante a esto *que dito he et fazente por mĩ et por la dita miña moller et personas, que presentes non estam*, por²⁴ las *quaes obrigo meus bẽes que o ajam por firme et estauil eno dito tempo segundo se aquí contem*. Et *queremos*²⁵ et outorgamos nós, ditas partes, *que qual quer contra elo for em algũa maneira, que peyte a a parte que o conprir et agardar*²⁶ por pena tresentos *maxauedís da dita moeda*. Et a pena pagada ou non, esta dita carta et as cousas em ela conthiudas²⁷ firmes et estauelles vullan segundo dito he. Feito et outorgado ena dita igleia de santa María de Bayona, os días²⁸ et mes et era sobre dítos. Testemuñas *que presentes forom: Gonçaluo Eanes de Veiña, Juan Castelãao, clérigo, Pero Mouro, Rrui da Feyra*⁶¹,²⁹ *pedreiro, Afonso Eanes de Tui et outros.*³⁰

Et eu, Johán Rodrigues, notario público jurado da çidade et bispado de Tui, a esto *que dito he con*³¹ as ditas *testemuñas presente* foy et escripuí por mandado dos dítos clérigos rraçoeiros et do dito Gonçaluo Dominges³² et aquí meu nome et signal pugi *que tal he.*³³

⁶¹ A Feira é un lugar da parroquia de Santa Mariña de Cabral, no concello de Vigo.

1438, decembro, 18. Baiona.

Foro da metade dunha leira de herdade feito polos cregos racioneiros da igrexa de Santa María de Baiona a Xoán de San Colmado e á súa muller, María Afonso, por catro marabedís.

ACT: Doc. Baiona 19, pergameo, 291 × 192 mm

Ano do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et triinta et oyto anos, dezaoyto días do mes de dezenbro. Sabean todos^[01] quantos esta carta de aforamento viren como nós, Johán de Sam Domingo et Pero Tristam et Juan Lucas et Juan Franço et Alvaro Rrodrigues et Pero Afonso et Esteuoo da^[02] Val et Gonçaluo Esteuees de Tebra et Roy Mouran et Juan Gonçalues et Johán de Ferreira^[62] et Alvaro Peres et Juan Castelâao et Juan Dominges Soutelo et^[03] Afonso Pres de Panpillón^[63], clérigos rraçoeiros da iglleia de Santa María da vila de Bayona de Miñor, fasentes por nós et por los outros rraçoeiros^[04] da dita iglleia que presentes non están et por nosos subçesores, damos et outorgamos a foro a vós, Johán de San Colmado^[64],^[05] o moço, morador et visiño da dita villa, fillo de Juan de San Colmado, carnyçeiro, a que deus perdon, et a María Afonso, vosa moller, en vosa^[06] vida de vós anbos tan solamente et máis non; conuen a saber: que vos aforamos a meetade de hũa leira de herdade que nós avemos a çerca^[07] desta dita vila, ante a porta do casal en que mora Afonso de Santo Antón, da qual dita leira de herdade he a outra meetade de vós, o dito Juan^[08] de San Colmado, por herança do dito voso padre. Et esta dita meetade da dita leira que vos asy aforamos a nós perteesçe por manda^[09] que dela fezo aas nouersarías da dita iglleia María Viçente, moller que foy do dito Juan de San Colmado, voso padre. A qual^[10] dita nosa meetade de dita leira de herdade vos aforamos deste día endeante durante o dito tempo de vosa vida et da dita^[11] vosa moller, per tal pleito et condiçón que a labredes et façades labrar de qual quer lauor que vós quiserdes et ajades para vós^[12] todos los nouos et rendas que deus en ela der, et que dedes et pagedes en cada hũa ano a nós, os ditos rraçoeiros, et a nosos sub^[13]çesores por rrenda, sisa et penson, por día de san Juan Boutista quatro

⁶² Ferreira é un lugar da parroquia de San Paio de Navia, no concello de Vigo.

⁶³ Pampillón é un lugar da parroquia de Santa María de Vilaza, Gondomar, provincia de Pontevedra.

⁶⁴ Os Altos de San Colmado pertencen ao concello de Mos, provincia de Pontevedra.

maravedís de moeda vella branca en tres *dineiros*. Con o qual dito foro^{|14} *que* vos asy fasemos da nosa dita meetade da dita leira de herdade, *que* vos asy aforamos, avedes de seer anparados et defesos^{|15} a *dereito* durante o dito tempo de *quen quer que* o vos demandar ou *embargar*, *per* los outros bẽes das nosas nouersarías *que* vos^{|16} *para* elo obligamos. Et a voso *seymento* et da dita vosa *moller*, *que* a dita nosa meetade da dita leira nos *fique* libre et *desenbargada*^{|17} de vosos herdeiros *con* toda a *benfeitoría que* en ela for *feita*. Et eu, o dito Juan de San Colmado *que* s̃o presente et *fazente*^{|18} por m̃i et por la dita *María Afonso*, m̃ia *moller*, *que* he *absente*, por lo *qual* oblige meus bẽes *que* aja esto por firme et por *estauel*^{|19} asy o outorgo et *rreçebo* en m̃y este dito foro por lo dito *preço* et *condiçoes* sobre *dítas*. Et nós, as *dítas partes*, *prometemos* et^{|20} *outorgamos* de *teer*, *conprir* et *agardar* esto *que* dito he et se *aquí* *contén* et *non yr* *contra* elo so pena de *quingentos maravedís* da dita moeda et *outorgamo*^{|21} *s que* *peyte* et *page* a *parte* de nós *que* esto *non teuer*, *conprir* et *agardar* a a *parte* *agardante*; a *qual* dita pena *pagada* ou *non*, este *estormento*^{|22} *fique* firme et *estable* en súa *rreuer*. Feito ena dita *iglleia* de *Santa María* de *Bayona*, ano et *día* et *mes* sobre *dítos*. *Testemuñas que* *foron presentes*:^{|23} *Johán Lourenço*, et *Juan Caneleiro*⁶⁵, o *vello*, *carriçeiros*, et *Juan de Maloes*⁶⁶ et *Aluaro García*, *viciños* da dita *vila* de *Bayona*.^{|24}

Et eu, *Lourenço Eanes*, *escripuano* et *notario público* de noso señor el *Rey* ena súa *corte* et^{|25} em todos los seus *regnos* et *señoríos*, *que* a esto *que* dito he *con* as *dítas testemuñas* *fuy presente*^{|26} et o *escripuí* et *fiz aquí* este meu *signo que* tal he em *testemuño* de *verdade*.^{|27}

42

1442, abril, 5. Baiona.

Subforo dunha parte de herdade sita na Lagarteira de Baiona, feito por María Eanes (Marianes), muller de Rodrigo de Moraña, a Bartolomeu Afonso e á súa muller, María González, por catro marabedís.

ACT: Doc. Baiona 4, pergameo, 330 × 195 mm

⁶⁵ A terminación abreviada corresponde mellor coa forma *-or*. A terminación en *-eiro* está documentada en Ferro Couselo 1967, vol. 2: 412).

⁶⁶ *Maloes* é a actual parroquia de Santiago de Malvas, no concello de Tui.

Ano do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et qoranta et dous anos, çinco días do mes de abril. Sabean todos *quantos* esta *carta* de aforamento⁰¹ viren como eu, Marianes, moller *que* foy de Rrodrigo de Moraña, a *que* deus perdon, moradora *que* agora sōo ena villa de Bayona de Miñor, *que* a esto *que* se⁰² adiante sege presente sōo con outorgamento de Inés Rrodrigues, miña filla et do dito Roy de Moraña, et con Gonçaluo de Canba, marido da dita Inés Rrodrigues,⁰³ miña filla, *que* presentes son⁶⁷, aforo a vós, Bertolameu Afonso, mareante, et a uosa moller, María Gonçalues, viziños et moradores *que* agora sodes en⁰⁴ dita villa de Bayona, et a vosas vozes; conuén a saber: *que* vos aforo un pedaço de herdade *que* está ena Lagarteira, *que* he en esta dita villa⁰⁵ *que* jas junto con hũu pardineiro *que* uos, de nós, ten aforado Afonso Martís, alfayate, et súa moller, María Vidal, *que* entesta contra⁰⁶ çima en hũa parede *que* está o sobre lo dito pardineiro, o *qual* dito pedaco de erdade uos aforo por lo tenpo et vozes *que* a eu teño aforada dos⁰⁷ clérigos rraçoeiros da igleia de Santa María de Bayona desta dita villa. O *qual* dito pedaco de erdade *que* uos asý aforo con todas súas⁰⁸ entradas et seídas *que* lle perteçen et perteçer deuen [de] dereito, con tal pleyto et condicón *que* a labredes et aproueytedes por lo tenpo et vozes *que* a⁰⁹ eu teno aforada, segundo *que* dito he. Por lo *qual* dito pedaco de erdade me auedes de dar en cada hũu ano *quatro maxauedis* vellos et mays⁶⁸¹⁰ outros *quatro maxauedis* por llo pardineiro *que* uós ja tynades de mĩ aforado, et asý son oyto *maxauedis* velos, brança vella, en tres *dineiros*, por día de¹¹ Samigel do mes de setembro *que* me asý auedes a dar en cada hũu ano. Con o *qual* dito foro da dita erdade vos pormeto et outorgo de uos¹² enparar et defender a dereito de *qual* *quer* *que* uos sobre elo embargo fezer, et se uós, dito Bertolameu Afonso et María Gonçalues, vosa moller ou as¹³ vozes ouerdes de uender ou apenorrar este dito foro, *que* o uendades ou apenoredes a mĩ, dita Marianes, ou a miñas vozes, tanto¹⁴ por tanto, ante *que* a outro algũu; et non o querendo eu nen miñas vozes, *que* entón *que* o vendades ou apenoredes a tal pesoa *que* non seia dona,¹⁵ caualeiro nen igleia nen moesteiro, mays *que* seja tal pesoa *que* cunpra et page o dito foro. Et a seymento⁶⁹ das ditas vozes por *que* eu teno¹⁶ aforada, *que* a dita erdade et pardineiro fique liures et quites aos ditos rraçoeiros de Santa María de Bayona. Et *qual* *quer* de nós, as sobre ditas¹⁷ partes

⁶⁷ Márcase a diferenza na escrita entre *sōo* e *son*, 1ª e 6ª persoa do verbo ser.

⁶⁸ Nótese a forma de partir a palabra *may-s*, pouco frecuente.

⁶⁹ No orixinal *sey ymieto*, en dúas palabras.

que contra esto for, que asý non teuer nen conprir, que peyte por pena et ynterese a outra parte que o asý conprir et agardar, trezentos maravedís¹⁸ da dita moeda et a pena pagada ou non todavía, esta dita carta de aforamento et as cousas en ela contehudas, fique[n] firmes et valan¹⁹ en seu tenpo et por que esto seja certo et non vena en dubda, nós, as sobre dítas partes, outorgamos ende asý esta dita carta ante Fernand Esteues, notario²⁰ da dita villa de Bayona, ao que lle rrogamos que escripuyse ou fezese escripuyr dú[a]s cartas, anbas en hũu tenor, et firmase de seu nome et signal²¹ et dese a cada hũu de nós, as dítas partes, a súa. Feyta a dita carta ena dita villa de Bayona o ano et mes et día sobre ditos. Testemuñas que foron presentes:²² Johán Farto, mareante, et Afonso Mateu, fillo de García da Cabra, moradores ena dita villa de Bayona.²³

Et eu, Fernand Esteues, notario público jurado por nosso señor o príncipe ena dita villa de Bayona de Miñor et en sseu alfoz, a esto que sobre dito he, con os dítos²⁴ testigos, presente ffoy et fiz escripuyr et aquí meu nome et signal fize en testemuño de verdade, que tal he.²⁵

43

1443, xaneiro, 16. Baiona.

Aforamento dunha casa, sita na rúa da Praza, feito por Dominga Pérez a Xoán de Ben e á súa muller, Clara Eanes, por cincuenta e seis maravedís e unha galiña de catro maravedís.

ACT: Doc. Baiona 20, pergameo, 311 × 1665 mm

Ano do nasçemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et qoreenta et tres anos, dez et seis días do mes de janeiro. Sabean quantos esta carta de aforamento viren⁰¹ como eu Dominga Peres moller que foy de Afonso Yanes de Tuy, que Deus perdon, moradora ena villa de Bayona de Miñor, outorgo et conosco que dou et outorgo a foro a vós, Juan de⁰² Ben et a uosa moller, Clara Eanes, veziños da dita villa et a dúas personas despois de vós, quaes de dereito

herdaren vosos beens⁷⁰. Conuén a saber que vos aforo aquela casa cháa que he⁰³ sita ena dita villa, ena rrúa da praça, ena qual ora labra Johan Rodrigues, prateiro, a qual parte de hũa parte con a rrúa que vay para a rrúa do pescado, et da outra parte, parte con casa de Gonçaluo Tãao⁰⁴ et entesta eno outón da casa de Juan Lucas et sae con as portas ena rrúa Trauesa en que mora Johan Fernández de Morgadaans, pola qual casa ha o dito Gonçaluo Tãao en cada hũu⁰⁵ ano seis *maravedís* de moeda vella branca en tres *dineiros*, et a outra he toda mĩa, dezemo a deus, a qual dita casa vos aforo deste día de San Migell do mes de setembro primeiro⁰⁶ que ven endeante, así en alto como en baixo, con súas entradas et saydas et perteenças que lle de dereito perteençen, por tal pleito et condiçón que rreparedes a dita casa de todo aquilo que⁰⁷ ouuer mester, así vós como as ditas vosas vozes, en gisa que non desperesca por míngo de lauor et de reparamento et dedes a mĩ et a mĩas vozes en cada hũu ano por⁰⁸ lo dito día de San Migeel, çincoenta et seis *maravedís* et hũa galiña ou quatro *maravedís*, en mĩa vida et despois de mĩa morte, que dedes a mĩas vozes triinta et seis *maravedís* da dita⁰⁹ moeda \et mais non⁷¹. Et oblige a meus beens de vos fazer a dita casa sãa et de paz de quen quer que vos la quiser demandar ou e[n]bargar durante o dito tempo. Et avendo⁷² vós ou as ditas vosas¹⁰ vozes este dito foro, que o façades a mĩ et a mĩas vozes, tanto por tanto et non o querendo que entón o façades a persona que faça, cunpra et page o contiúdo en este instramento et ao saymento¹¹ da postromeira vosa voz que este foro por vós⁷³ teuer, que a dita casa fique desenbargada a mĩas vozes con todo o rreparamento que en ela for feyto. Et eu o dito Iohán de Ben con a dita¹² mĩa moller que presentes somos fazentes por nós et porlas ditas nosas vozes porlas quaes obligamos nosos beens que ajan o aquí contiúdo por firme et estable. Así o outorgamos¹³ et rreçebemos en nós o dito foro porlas maneiras et condiçoens aquí contiúdas. Et nós, as ditas partes prometemos et outorgamos de teer et agardar todo o en este¹⁴ instramento contiúdo so pena de dous mill *maravedís* que page por pena a parte que o non teuer et agardar á parte agardante. Et a pena pagada ou non, este instramento e o contiúdo en el¹⁵ valla en súa rrebor. Feyta a carta ena dita villa, ano, día e mes sobre ditos. Testigos que

⁷⁰ Forma plena, sen til de abreviación ou nasalidade. Neste documento transcribiremos *b̄es* por *beens*.

⁷¹ «et mais non» vai entre liñas.

⁷² Segundo os formularios máis usados, aquí habería que ler «avendo de vender».

⁷³ Entre *vos* e *teuer* vai escrita por erro a sílaba *fi*. Posiblemente é un erro de adianto da palabra que vén despois, *fique*.

foron presentes: Afonso *Gonçalues*, pedreiro et Lourenço de Viana, *viziños* da dita villa et Fernán Nunez de Pontevedra.¹⁶ Vay soberraydo onde diz et hũa galiña ou quatro *maravaedís*; et scripto ontre *rrengloens* onde diz et máis *non*. Valla et *non* enpesca.¹⁷

Et eu, Gonçalo Gómez, *notario público* da dita bila por noso señor o príncepe a esto *presente* fuy et esto *aquí* fiz *escripuir* et *aquí*¹⁸ meu nome et signal fiz *que* tal he.¹⁹

44

1445, novembro, 23. Baiona.

Foro dun cuarto de casa feito polos cregos racioneiros da igrexa de Santa María de Baiona a Gonzalo Vázquez, zapateiro, por doce marabedís e unha galiña.

ACT: Doc. Baiona 23, 280 × 210 mm

Ano do nacemento de noso señor Jesu *Cristo* de mill et quatro centos et *quarenta* et cinco anos, viinte et tres días do mes⁰¹ de nouembro. Saban *quantos* esta *carta* de aforamento virem como nós, Aluaro *Rrodrigues*, Pero Afonso, Aluaro de Barrantes, Johán *Gonçállez*, Johán de Ferreira,⁰² Fernán Afonso, Afonso *Peres*, Aluaro *Gonçállez*, Johán de Leiras, Pero *Tristam*, Johán *Rrodrigues*, *Gonçaluo* de Tebra, Afonso *Lourenço*, Johán *Casteláao*, clérigos *rraçoeiros*⁰³ da igreia de *Santa María* da villa de Bayona de Miñor, sendo todos juntos eno coro da dita igreia *per son* de canpãa⁰⁴ tangida, *segundo que* o avemos de noso *custume*; por nós et em nome dos outros clérigos *rraçoeiros* da dita igreia, *que presentes non* estam,⁰⁵ por llos *quaes* obligamos os bẽes das *nouesarías* da dita igreia *que* elles *ajam* por firme et estaule a todo tempo esto *que se adeante*⁰⁶ segue, damos et outorgamos a foro a vós, *Gonçaluo Vázquez*, *capateyro*⁷⁴, *que presente* estades, visino et morador ena dita villa de Bayona,⁰⁷ em vosa vida et a dúas *persoas* depois de vós, hãa *depos outra*, *quaes* vos nomeardes a voso *seymto*, et *non* as nomeando, *que sejam*⁰⁸ húa *depos outra* *quaes* de *dereito* herdarem vosos bẽes. Conuem a saber: hũu *quarto* de hũa casa chãa *que* nós

⁷⁴ Está escrito claramente: *capateyro*, sen ç.

avemos en esta dita¹⁰⁹ villa a cerqua da carniçaría, ena *qual* vós agora morades; da *qual* dita casa a metade he de Afonso de Sea, jurado desta dita villa¹¹⁰ et parte per cúmeo de longo a longo; et parte da outra parte per parede con casa que foy de Costança Fonso⁷⁵, moller que foy de Domingo de Bem,¹¹ ja finados, a que deus perdom, a *qual* tem agora Alvaro Afonso, carniçeiro, et sal con as portas a rrúa publica que vay do açougue para¹² a dita carniçaría; o *qual* dito quarto da dita casa que vos así aforamos nos deu em pura doaçón Johán Lourenço, dito Jarretes, a sev seymento,¹³ con todas súas entradas et saídas et perteenças et dereiturias segundo que lle perteeçem et perteeçer deuen de dereito, et nós con esta condiçón¹⁴ vos llo aforamos et que rrenda a el, dito Johán Lourenço, em súa vida. Et vós que rreparedes a vosa custa o quarto da dita casa de pedra¹⁵ et tella et madeira et de todo o adubeiro que lle mester feses, per gissa et maneira que non desfaleça per míngo de lauor et de¹⁶ bõ rreparamento. Et que dedes vós, dito Gonçaluo Vásquez, ao seeymento do dito Johán Lourenço a nós, os ditos rraçoeiros et aos que depois de nós vieren¹⁷ em cada hũu ano por día de sam Johán do mes de junyo doze *maxauedís* de moeda vella, branca vella em tres *dineiros* de dez¹⁸ *dineiros* o *maxauedí* ou ena moeda que correr, et hũa galina ou tres *maxauedís* da dita moeda por ela, por foros, por llo dito día. Et as persoas¹⁹ que depois de vós vierem, que dem por llo dito día em cada hũu ano os ditos dose *maxauedís* da dita moeda et a dita galliña²⁰ ou os ditos tres *maxauedís* por ela. Et ao seymento das ditas persoas o dito quarto da dita casa con todas súa bemfeituría fique²¹ liure et quite et desenbargado aas ditas nouesarias et rraçoeiros da dita igleia. Et nós que vos emparemos et defendamos²² a dereito con este dito foro de quen quer que vos sobre ela enbargo queira faser, per llos bẽes das ditas nouesarias que²³ vos para elo obligamos. Et avendo vós de vender ou enpenorar este dito foro [a] algũa pessoa, que o vendades ou enpenoredes²⁴ ante a nós que a outro nihũu, tanto por tanto, et non querendo nós que entón o façades a persona igual⁷⁶ de vós que conpla et faça²⁵ et pague a nós o dito foro segundo dito he. Et eu, dito Gonçaluo Vásquez, presente et outorgante a esto que dito he et fasente por mĩ et²⁶ por todas miñas voses, por llas quaes obligo meus bẽes, así móuelles como de rayz, que o ajam por firme et estauel eno²⁷ dito tempo segundo dito he, así reço de vós, os ditos rraçoeiros, o dito foro per la maneira et condições sobre ditas, et prometo et outorgo²⁸ de vos teer et conplir et agardar todo esto que dito he, per todos meus bẽes que vos para elo obligo. Et nós, ditas [partes], queremos²⁹ et outorgamos que *qual* quer de nós que

⁷⁵ Posiblemente hai que ler Constanza Afonso.

⁷⁶ No texto: *jqual*.

contra esto vier *para* o contradiser et desfaser em algũa maneira non posa et peyte^{|30} por pena aa *parte* agardante quinentos *maxauedis* da dita moeda. Et a pena pagada ou non, este dito foro et as cousas^{|31} contidas em el *fiquen* firmes et estauelles et vallan *segundo* dito he. Feita a dita *carta* de aforamento dentro eno dito coro da^{|32} dita igreia de Bayona o ano et mes et días sobre ditos. *Testemuñas que foron presentes: Gonçaluo Dominges, et Afonso Gonçállez, pedreiros, et Rrodrigo Alvarez, alfayate,*^{|33} visiños et moradores ena dita villa de Bayona.^{|34}

Et eu, *Johán Rrodrigues, clérigo rraçoeiro* da dita igreia et *notario publico* jurado da igreia et obispado de Tui con as ditas^{|35} *testemuñas* presente foy et escripuí et aquí meu nome et signal pugi *que* tal he.^{|36}

45

1445, ?, 13. Baiona.

Avinza entre os cregos racioneiros da igrexa de Santa María de Baiona e Afonso de Cea e a súa muller, Inés Pérez.

ACT: Doc. Baiona 3, pergameo, 280 × 245 mm. Este documento está recortado no ángulo superior esquerdo, o que afecta ao comezo das sete primeiras liñas. A recomposición parcial está baseada en documentos desta mesma colección.

[*Ano do naçemento de noso*] señor *Jesu Cristo* de mill et quatro centos et quarenta et çinco anos, trese días^{|01} [*do mes de ...saban*] *quantos* esta carta de *aviinça* et *ami-gauel* *composiçón* viren como nós, *Gonçaluo Dominges,*^{|02} [*... Aluaro*] de *Barrantes, Johán Gonçálues, Johán de Ferreira, Afonso Peres, Fernán Afonso, Aluaro Gonçáluez, Aluaro Garçia, Johán de Leiras,*^{|03} [*... Gonçaluo*] de *Tebra, Afonso Lourenço, Johán Casteláao, Lopo Afonso, clérigos rraçoeiros* da igreia de Santa María^{|04} [*da villa de Bayona de*] *Miñor, a esto presentes* et *outorgantes, fasentes* por nós et por llos *outros*^{|05} [*clérigos rraçoeiros da dita*] igreia *que* som *absentes* et por nosos *subçesores* da hũa *parte*, et eu, *Afonso de*^{|06} [*Sea, justiça desta dita*] villa, con *Enés Peres, miña moller,* *anbos presentes* et *outorgantes, fasentes* por nós^{|07} et por nosas *voses, da outra parte.*

Nós, *partes sobre ditas*, por escusar et *quitar* de ontre nós odio, rancor,^{|08} pleyto et *contenda que* ontre nós esperaua seer de et sobre rrasón dos nosos dous terços do^{|09} forno *que foy de Garçia Martís*, mercador, visino *que foy desta dita villa*. Pero Vaasquez, neto, et Costança^{|10} Dominges, súa moller, padre et madre de vós, a dita Enés Peres, ja finados, a *que* deus perdom, tragíam aforados^{|11} de nós, os ditos rraçoeiros, por tenpo das súas vidas et de dúas *personas delles* por çerta *contía de*^{|12} *maxauedís* en cada hñu ano, eno *qual* dito foro vós, a dita Enés Peres, subçedestes por erança legitima dos^{|13} ditos vosos padre et madre. Et por *quanto* vós, o dito Afonso de Sea, *con* a dita vosa moller, *non* podiades rreparar^{|14} o dito forno, por rrasón da dita casa do dito forno estar danificada et destruída, así de paredes^{|15} como de madeira et tella et carpentería, et por rrasón da gram custa et missiom *que* vos em^{|16} elo rrequiçia; por lo *qual* o dito forno *non* cozía por rrasón da dita casa así estar dampnificada et por eso meesmo^{|17} *non* poderdes *aver* forneiros *que* em el *quisessem* estar por lla dita casa así estar destruída, et por rrasón^{|18} das moy caras soldadas *que* leuan de cada hñu ano, por lo *qual* nós, ditos rraçoeiros vos *quiseramos* demandar^{|19} perante o *vicario* da igleia de Tui a *que* reparasedes a dita casa et fesessedes coser o dito forno et manteuesedes^{|20} reparado et cosente durante o tenpo *que* o vós et vosas voses avedes de teer por virtude do dito foro^{|21} em tal *maneira que* ao *seymento* da postromeyra vosa voz, *que* os ditos nosos dous terços do dito forno fiquasem rreparados^{|22} a nós, ditos rraçoeiros, *con* toda súa bemfeytoría *segundo que* o *dereito* *require* em tal caso. Et nós, os ditos^{|23} rraçoeiros, veendo et *considerando* a gram custa et despensa *que* se vos requiçia eno dito reparamento da dita casa do^{|24} dito forno et das ditas soldadas *que* leuan os ditos forneiros, et por escusar o dito pleito et custas et avendo^{|25} *consideraçón* de algñus vosos antecesores de vós, a dita Enés Peres, em como mandaron et dotaron a as noues-sarías^{|26} da dita igleia de algñus bñes *que* a nós renden, et creemos *que* eso mesmo vós et o voso dito marido faredes^{|27} a vosos finamentos, et por vsaremos de beninidade et *non* de rygor, queremos et outorgamos et nos praz^{|28} *que* vós, o dito Afonso de Sea et a dita vosa moller, façades logo *per* vosa custa reparar a dita casa et faser^{|29} coser o dito forno deste día de natal em diante durante o dito tenpo; et *que* para ajuda da custa *que* em elo^{|30} feserdes *que* ajades et tenades os ditos nosos dous terços do dito forno, disemo a deus, durante o tenpo^{|31} da vida de vós, o dito Afonso de Sea, et máis *non*, et *que* ao *seymento* de vós, dito Afonso de Sea, *que* a dita Enés^{|32} Peres, vosa moller, et a voz *que* depois dela este dito foro ouueren de teer, *que* nos dem et paguen em cada hñu^{|33} ano durante seu tenpo satenta *maxauedís* de moeda vella, branqua vella, en tres

dineiros. *Con a qual dita aviinça que vos*³⁴ *así fasemos, obligamos os bées das ditas nosas nouesarías ao aver por firme et estáuel et non yr contra*³⁵ *elo em juiso nen fóra del, sub pena de dous mill maravedís da dita moeda, que outorgamos que vos peytemos por*³⁶ *pena et pustura se contra elo foremos. Et nós, os ditos Afonso de Sea con a dita miña moller, Enés Peres, que somos*³⁷ *presentes, así o outorgamos et reçebemos et obligamos a todos nosos bées a rreparar a dita casa et faser*³⁸ *coser o dito forno et o manteer durante o dito tenpo rreparado et cosente em maneira que non despereça por*³⁹ *míngo de coser et rreparamento ena maneira que dita he, sub a dita pena dos ditos mill maravedís da dita moeda*⁴⁰ *que outorgamos et queremos que vos peytemos por pena et em nome de interesse se o así non teuéremos, conplíremos*⁴¹ *et agardáremos como dito he. Et \de/máis nós, ditas partes, queremos et outorgamos que a dita pena pagada*⁴² *de hũa parte aa outra ou non, que este contracto fique firme et estáuel et valla em súa reuor, em testemuño do qual*⁴³ *outorgamos esta carta et contracto seer feito et outorgado de notario ena dita igleia de Santa María da dita villa de Bayona*⁴⁴ *ante o notario et testemuñas juso scriptos; ao qual notario rrogamos et mandamos faser dúas cartas de hũu tenor*⁴⁵ *para garda de nós, ditas partes. Et aos presentes rogamos que fosen delo testemuñas. Feita eno dito lugar o ano et mes et día*⁴⁶ *sobre ditos. Testemuñas que foron presentes, chamados et rogados: Johán Rodrigues, bachiller, et Gonçaluo Rrajo, seu fillo et Lourenço Yanes,*⁴⁷ *notario, et Rodrigo Aluerez, alfayate, et Gonçaluo Dominges, pedreiro, visiños da dita villa, et outros.*⁴⁸

Et eu, *Johán Rrodrigues*, clérigo rraçoeiro da dita igleia et notario público jurado da igleia et obispado de Tui *con as ditas testemuñas*⁴⁹ *presente foy et escripuí et aquí meu nome et signal pugi em testemuño de verdade, que tal he.*⁵⁰

46

1446, marzo, 31. Baiona.

Foro dunha casa da rúa de Concheira de Baiona, feito polos cregos racioneiros da igrexa de Santa María a Xoán Fernández e á súa muller, Elvira Fernández.

ACT: Doc. Baiona 26, pergameo, 260 × 210 mm

Ano do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et quarenta et seis anos,^[01] trinta et hũu días do mes de março. Sabeam quantos esta carta de aforamento virem^[02] como nós, Aluaro de Barrantes, *Johán Gonçalues*, Afonso Peres, Aluaro Garçia, Aluaro Gonçalues, *Johán de Leiras*, *Johán Rrodrigues*, Gonçaluo^[03] Esteues de Tebra, Afonso Lourenço, Lopo Afonso, clérigos rraçoeiros da igleia de Santa María da villa de Bayona de^[04] Miñor, seendo juntos eno coro da dita igleia per som de canpãa tanjudá, segundo que o avemos^[05] de noso custume; por nós et em nome dos outros clérigos rraçoeiros da dita igleia, que^[06] presentes non estam, et por nosos subçesores, damos et outorgamos \a foro/ a vós, *Johán Fernandes* et^[07] a vosa molter, Eluira *Fernandes*, visinos et moradores em esta dita villa de Bayona, ambos em^[08] hũa voz et a dúas persoas depois de vós, quaes vos nomeardes a voso seymento, et non as^[09] nomeando, que sejam hũa depos outra quaes de dereito herdaren vosos bẽes. Conuem a saber^[10] que vos aforamos hũa nosa casa cháa con seu saydo, que nós avemos em esta dita villa^[11] ena rrúa de Concheira, et parte de hũa parte per parede con casa que foy de Francico Dominges^[12] em que ora mora Afonso Yanes Chamorro, et parte eso mesmo da outra parte per parede^[13] de longo a longo con casa que foy de Vasco Beiçudo, ena qual agora mora Garçia^[14] de Menciras, et say con as portas aa dita rrúa pública. Et a qual dita casa con seu^[15] seydo vos aforamos con todas súas entradas et saydas que le perteeçen et perteeçer^[16] deuen de dereito, deste dito día em diante, durante o dito tempo, per tal pleito et condiçón^[17] que a apostedes et reparedes de todo o que mester ouuer em gisa que a dita casa se^[18] non perca per mĩgoa de bõ rreparamento; et que dedes a nós et pagedes de foro em cada^[19] hũu ano et aos outros rraçoeiros da dita igleia et a nosos subçesores por día de sam^[20] *Johán Boutista* do mes de junyo doze *maravedis* de moeda vella, branca vella, em tres^[21] dineiros. Et por foros em cada hũu ano, por lo dito día hũa boa pescada. Con o qual^[22] dito foro que vos así fasemos, avedes de seer anparado et defeso a dereito durante^[23] o dito tempo de quen quer que vos la demandar ou embargar per los bees das nosas^[24] nouesarias da dita igleia, que vos para elo obligamos. Et avendo vós ou as ditas^[25] voses de vender ou subenpenorar este dito foro que vos así fasemos da dita^[26] casa con seu saydo, que o vendades ou subenpenoredes a nós, os ditos rraçoeiros et a^[27] os outros que depois de nós vieren aa dita igleia, tanto por tanto. Et non o querendo^[28] nós ou eles que o vendades ou subenpenoredes a persona que seja jgual de vós^[29] que nos cumpla et page o dito foro. Et a voso seymento et das ditas voses que esta dita^[30] casa con seu saydo que vos así aforamos, fique libre et desembargada a nós et^[31] a nosos subçesores con toda a benfeituría que em ela for feita. Et eu, o

dito *Johán Fernandes*,³² *que presente sōo, fasente por mĩ et por la dita miña moller, que presente non está et*³³ *voses, así outorgo et reço bo em mĩ este dito foro per las maneiras et condiçoẽs*³⁴ *sobre ditas. Et nós, as ditas partes, prometemos et outorgamos de teer et comprir et*³⁵ *agardar todo esto que dito he et se aquí contem et non yr contra el hũa parte a outra*³⁶ *sub pena de mill maravedís da dita moeda que outorgamos que peite et page a parte de*³⁷ *nós que esto non teuer, comprir et agardar aa parte agardante, a qual dita pena pagada*³⁸ *ou non, este estormento et cousas contiúdas fiquen firmes et estaueles em súa reuor.*³⁹ *Feito ena dita igleia, ano, día et mes suso ditos. Testemuñas que foron presentes: Afonso*⁴⁰ *de Sea, jurado, Johán Afonso Ripa, Lourenço Yanes, polueiro, mercadores et Fernán da Franqueira,*⁴¹ *o moço, criado do dito Johán Afonso, visinos et moradores ena dita villa de Bayona.*⁴²

Et eu, o dito *Johán Rrodrigues*, clérigo rraçoero da dita igleia de Bayona et notario⁴³ público jurado da igleia et obispado de Tui con as ditas *testemuñas presente*⁴⁴ *foy et escripuí et aquí meu nome et signal pugi que tal he.*⁴⁵

47

1447, agosto, 19. Baiona.

Foro dunha casa da rúa Nova de Baiona, feito polos cregos racioneiros da igrexa de Santa María a Estevo Meires e á súa muller Elvira Pérez.

ACT: Doc. Baiona 6, pergameo, 347 × 123 mm

Ano do nacemento de noso señor *Jesu Cristo* de mill et quatro çentos et çorenta et sete anos, dez et noue días do mes de agosto. Sabeam todos *quantos esta carta de aforamento virem como*⁰¹ *(como) nós: Johán Gonçalues, Afonso Peres, Johán de Ferreira, Alvaro Garçia et Johán de Leiras, Johán Rodrigues, Gonçaluo Esteues de Tebra, Johán Castelão, clérigos rraçoeros da igleia de Santa María da Villa de Bayona de Miñor, seendo juntos eno coro da dita*⁰² *igleia per som de campam tanjuda segundo que o auemos de custume, por nós e en nome dos outros clérigos rraçoeros da dita igleia que presentes non estam et por nosos soçores damos et outorgamos*⁰³ *a foro a*

vós, *Esteuo* Meires et a vosa moller *Eluira Peres*, anbos em hũa voz et a dúas *persoas* depois de vós, hũa depos outra *quaes* vós nomeardes a voso *seymento*, et *non* as nomeando que sejam hũa⁰⁴ depós outra *quaes* de *dereito* herdaren vosos bẽes. Conuem a saber que vos aforamos hũa nosa casa chaam que nós avemos em esta dita villa ena rrúa noua, a *qual parte* de hũa *parte contra çima*⁰⁵ *per* parede de longo a longo *con* casa de *Johán Rodrigues*, bachiller, que vós del tendes aforada, et da outra *parte contra* bayxo eso mesmo *parte per* parede de longo a longo *con* casa que he de nós,⁰⁶ ditos *rraçoeiros*, que ora tem aforada Gil Correas, et sal *con* seu seído *segundo* as outras casas que estam junto com ela saam, et sal com súa porta aa dita rrúa pública; a *qual dita* casa vos aforamos⁰⁷ deste dito día en diante, durante o dito *tempo*, *per* tal pleito et *condiçom* que apostede et reparedes a dita casa de pedra et tella et madeira et de todo outro adubeiro que mester ouuer em gisa que a dita⁰⁸ casa se *non perca nen* decaia *per* míngoa de bõ *rreparamento*; et *que* dedes et *pagedes* em cada hũu ano de foro a nós, os ditos *rraçoeiros* et a nosos soçesores que depois de nós vieren a dita *igleia*, por⁰⁹ día de sam *Johán* Baptista do mes de juyno, dez et oyto *maravedís* de moeda vella *branca* em tres *dineiros* ou moeda que os vallan, et por foros en cada hũu ano por lo dito día hũa boa pixota.¹⁰ *Con* o *qual* dito foro que vos así fasemos da dita casa, avedes de seer emparados et defesos a *dereito* durante o dito *tempo* de quen *quer que* vos la demandar ou enbargar *per* los bẽes¹¹ das nosas nouessarias da dita *igleia que* vos *para* elo obligamos. Et avendo vós ou as ditas voses de vender ou soenpenorar este dito foro que vos así fasemos da dita casa, que o vendades¹² ou soenpenoredes a nós, os ditos *rraçoeiros*, et aos outros que depois de nós vierem aa dita *igleia*, tanto por tanto, et *non* a querendo nós ou elles, que o vendades ou soenpenoredes a *persona*¹³ que seja jgual de vós, que nos cumpla et *page* o dito foro. Et a voso *seymento* et das ditas vosas voses que esta dita casa que vos así aforamos *fique liure* et *desenbargada* a nós et a nosos¹⁴ soçesores *con* toda a bemfeituría que em ela for *feita*. Et eu, o dito *Esteuo* Meires, *que presente* sōo, fasente por mĩ et por la dita miña moller, que *presente non* está, et voses, así outorgo¹⁵ et *reçebo* em mĩ este dito foro *per* las maneiras et *condiçoes* sobre ditas. Et nós, as ditas *partes*, *prometemos* et outorgamos de teer, *complir* et *agardar* todo esto *que* dito he et se *aquí contén*¹⁶ et *non yr contra* elo, hũa *parte* a outra, so pena de *quinientos maravedís* da dita moeda, *que* outorgamos *que* peite et *page* a *parte* de nós *que* esto *non teuer*, *complir* et *agardar* aa *parte* *agardante*; a *qual*¹⁷ dita pena pagada ou *non*, este *estormento* et *cousas* em el *contiudas* *figuem* firmes et *estauelles* en súa *reuur*. *Feito* ena dita *igleia*, ano, día et mes suso ditos. *Testemuñas* que foram presentes:

Roy Galdim¹⁸ et *Johán* da Fonteirosa, clérigos, et *Lourenço* Eanes, polueiro, et *Johán Rodrigues*, dito clérigo, visinos da dita villa.¹⁹

Et eu, o dito *Johán Rodrigues*, clérigo rraçoero da dita igreia de Bayona et notario público jurado da igreia et obispado de Tui, con as ditas *testemuñas* presente foy et o escripú et aquí meu nome²⁰ et signal puge que tal he.²¹

48

1449, febreiro, 13. Baiona.

Foro dunha casa sita na rúa Travesa de Cuncheira, feito polos cregos racioneiros da igrexa de Santa María de Baiona a Afonso Lourenzo e Inés Gallarda, a súa muller.

ACT: Doc. Baiona 27, pergameo, 300 × 196 mm

Ano do nacemento de noso Señor *Jesu Cristo* de mill et quatro çentos et quorenta et nove anos trese días do mes de⁰¹ feureiro. Sabam todos *quantos* esta *carta* de aforamento viren como nós *Pero* Afonso, *Johán Gonçalves*, *Johán* de Ferreira, *Aluaro* García,⁰² *Martim* Afonso, *Johán Rodrigues*, *Aluaro Peres*, *Johán* Casteláao, *Lopo* Afonso, *Pero* de Sea, clérigos rraçoeros da igreia de *Santa María* da Villa de Bayona⁰³ de Miñor, seendo juntos eno coro da dita Igreia per son de campãa tanjuda segundo *que* o abemos de costume, por nós⁰⁴ e en nome dos outros clérigos rraçoeros da dita iglesia *que* presentes non estam et por nosos soçesores damos et outorgamos⁰⁵ a foro a vós *Afonso Lourenço*, pescador, fillo de *Lourenço* de Ponteuedra et a vosa moller *Enés* Galarda, visinos et moradores em esta⁰⁶ dita villa de Bayona, ambos em hũa voz et a dúas *personas* depois de vos, hũa depós *outra quaes* de *dereito* herdaren vosos⁰⁷ bẽes. Conuem a saber *que* vos aforamos hũa nosa casa cháa que nós abemos en esta dita villa que está ena rrúa *Trauesa*⁰⁸ de *Cuncheira* *que* vay *para* o monte, *para* onde disen a feira. A *qual* dita casa soya de trager *Johán* Pasturino, o vello, *que deus* perdom, et⁰⁹ a *qual* dita casa parte per parede de longo a longo con casa de *Domingo* Yanes de Mañufe et da *outra parte* esomesmo parte com¹⁰ *pardiñeiro* de *Johán* Siluáao, a qual dita casa vos aforamos con todas súas entradas et saydas *que* de *dereito* lle *perteesçen*

et *per*teesçer^{|11} deuem, *per* tal pleito et *condiçón* que vós rreparedes a dita casa de todo o adubeiro *que* le mester feseser en gisa et *maneira* *que* a dita^{|12} casa non decaya *per* *mingoa* de laur et bõo rreparamento, et dedes et *pagedes* a nós, os ditos rraçoeiros, et a nosos soçesores *que* depois^{|13} de nós vieren á dita igreia, em cada hũu ano por día de Sam *Johán* Baptista do mes de juyno, vós et a dita vosá moller em^{|14} vida de vós anbos dez *maravedís* de moeda vella contando branqua vella em tres *dineiros* ou moeda que os valla et hũu *acumbre*^{|15} de bõo viño vlláao, et as dúas *personas* *que* depois de vós vieren *que* dem et *pagem* doze *maravedís* da dita moeda et o dito *acumbre*^{|16} de viño en cada hũu ano por lo dito día. Con o *qual* dito foro que vos así fasemos *avedes* de seer enparados et *defesos*^{|17} a *dereito* durante o dito *tempo* vós et as *ditas* vosas voses de *quen* *quer* *que* vos lo enbargar *per* beens das nosas nouesaría da dita^{|18} igreia *que* *para* elo obligamos. Et avendo vós ou as *ditas* vosas voses de vender ou enpenorar este dito foro que vos así fazemos^{|19} que o vendades ou enpenorede a nós os ditos rraçoeiros, ou a nosos soçesores tanto por tanto et non o querendo nós^{|20} ou elles que entom o vendades ou enpenoredes a *persona* *que* seja ygual de vós, *que* nos cunpla et *page* o foro *per* las *maneiras*^{|21} et *condiçõs* sobre *ditas*. Et acabadas as *ditas* voses *que* a dita casa con toda súa benfeituría que en ela for feita, fique libre et^{|22} quite et *desenbargada* aas *ditas* nouesaría et rraçoeiros da dita igreia. Et eu o dito Afonso Lourenço *que* presente sõo, fasente por mĩ et^{|23} por la dita miña moller, *que* presente non está, et voses así rreçebo en mĩ este dito foro *per* las *maneiras* et *condiçõs* sobre *ditas*^{|24} so *obligaçón* de todos meus bões *que* *para* elo obligo. Et nós, as *ditas* partes queremos et outorgamos *que* *qual* *quer* de nós *que*^{|25} esto non teuer, *conprir* et *agardar*, *que* peite aa *parte* *agardante* mill *maravedís* da dita moeda; a *qual* dita pena, pagada ou non, esta^{|26} *carta* de *aforamento* et as cousas em ela contiúdas fiquem firmes et *estáuelles* et vullan em súa rreuor. Feita et outorgada a dita^{|27} *carta* eno dito coró da dita Iglesia ano, día et mes sobre ditos. *Testemuñas* *que* foron presentes Aluaro de Santantón⁷⁷, carpenteiro, et Esteuo Dominges,^{|28} *scripuam*, visinos et moradores ena dita villa Bayona.^{|29}

Et eu, o dito *Johán* Rodriges, clérigo rraçoeiro da dita igreia de Bayona et *notario* público jurada⁷⁸ da igreia et obispado de Tui con as^{|30} *ditas* *testemuñas* presente foy et o *escripuí* et *aquí* meu nome et signal puge *que* tal he.^{|31}

⁷⁷ Santo Antón é un lugar da vila de Baiona.

⁷⁸ No orixinal lese claramente a forma «jurada», pero o contexto esixe a forma masculina.

1451, xullo, 9. Baiona.

